



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo

ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779

Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email. Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo

ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779

Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email. Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email: Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

Título:

MANUAL BÁSICO DE EXHUMACIONES

Autores:

Ángela Piñeiro Acción
Santiago Carcas Cuartero



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo

ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779

Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email. Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

MANUAL BÁSICO DE EXHUMACIONES

Todos os dereitos reservados.

Castellón 22 de xaneiro de 2016

Ediciones Hades

Copyright da obra: Santiago Carcas Cuartero e Ángela Piñeiro Acción

Portada e contraportada: Santiago Carcas Cuartero e Ángela Piñeiro Acción

Tradución ao galego: Helena Villar Janeiro

Depósito Legal CS 567-2016

ISBN 978-84-945516-5-9

Queda prohibida a reprodución total ou parcial desta obra sen o permiso expreso dos seus autores.



PRÓLOGO

Ángela Piñeiro Acción: Técnica en exhumacións - Investigadora documentalista - Escritora - Poeta - Licenciada en Medicina (Matrículas de Honor) - Médica Especialista en Medicina Familiar e Comunitaria - Médica Especialista en Xeriatría - Urgencias - Cofundadora e Secretaria Xeral da ARDF DESAPARECIDOS - Genética de ADN Crítico.

Inda que algúns o pretendan, non hai demencias nas que o olvido se centre nun único aspecto: os nosos desaparecidos. Pretenden que aceptemos con resignación que son só un pensamento baleiro, como unha pompa de xabón que rebenta facilmente. Pero eles son, e seguirán sendo, o noso obxectivo e na súa busca e recuperación é fundamental poñer todo o que estea da nosa parte para un bo facer técnico e humano.

Sempre o respecto e sempre o ADN, para que os exhumados teñan opción a recuperar os seus nomes e a que os seus familiares poidan ter de forma totalmente fiable os restos mortais dos seus seres queridos.

A todos os que colaborades neste e noutros proxectos similares: pensade que a súa dignificación será agradecida pola ensinanza histórica, moral, emocional e técnica que nos ofrecerán. Farannos mellores.

Ángela Piñeiro Acción



Santiago Carcas Cuartero: Investigador documentalista - Técnico especialista en exhumacións - Cofundador e presidente da ARDF DESAPARECIDOS - Director Coordinador de exhumacións - Escritor - Poeta.

En primeiro lugar, creo que será preciso, igual que o é este manual, proceder á creación dun protocolo específico sobre Arqueoloxía Forense de campo.

Resulta imposible predicir con exactitude os cambios que sufrirán as distintas leis involucradas na recuperación da Memoria Histórica, as vítimas do franquismo e todo o referente a este manual. O que si é seguro é que, o que se di nel, inda coas melloras que co tempo se lle poidan realizar, será de aplicación obrigada para salvagardar os restos mortais ou óseos na localización de posibles familiares a través do tempo.

Tal e como se argumenta no comentario, ao final do capítulo de exhumacións, a Arqueoloxía, igual que os estudos relativos a outras profesións, será pura ciencia en todas as universidades e irá acompañada doutras ciencias, como as forenses, ao final dese seu camiño en proceso. Mentres tanto, deberá adaptarse a cambios continuados na súa forma, diagnose e execución, alentando novos comportamentos, eliminando os anticuados e progresando na súa praxe. Quen non acepte estes valores non aceptará este manual e, polo tanto, tampouco aceptará esa evolución.

Todo traballo, toda profesión, como indica o seu nome, debe ir encamiñada á perfección, cando menos á súa busca, ante todo e por encima de todo.



Todas as profesións, e sobre todo a arqueoloxía, deben fundarse en coñecementos e boas praxes, dando sempre protección máxima ao excavado, atopado ou por encontrar, onde fose e calquera cousa que se atope. Pero, tratándose de restos humanos que teñen e terán xens continuados no tempo en persoas que se preguntarán onde pode estar o seu antepasado -máis ou menos directo-, debe garantirse a protección en bancos de ADN para futuras comparacións, que seguro que as haberá. Será cando este país de países saia do seu letargo mental, deixe moi atrás o franquismo e tome, por fin e definitivamente, a senda da liberdade e do bo facer. Sen complexos, asumirá tamén o estudo profundo da nosa historia máis recente, cos seus mortos, cos xenocidas e as súas vítimas, como un feito pasado, resolto na súa totalidade por unha auténtica democracia que ampare e dignifique os inocentes, e que castigue os asasinados de todo un país. Só así será posible a reconciliación entre persoas que conviven na mesma terra. E tanto as exhumacións como a historia que levou a facelas son un bo exemplo para empezarmos a posibilitar que tan desexado futuro sexa inmediato.

É moi importante dar a maior divulgación posible en todos os ambientes públicos e privados do que nos toca vivir hoxe con respecto á recuperación dos nosos mortos nunha terra que non quere telos por máis tempo nas súas entrañas. Hai que eliminar o medo dos nosos maiores para a súa cooperación, as trabas gubernamentais e o odio aos que perderon unha guerra inxustamente, dando a coñecer a verdade, en graos adaptados ao nivel que corresponda, tanto na escola como en institutos, universidades e alí onde fose preciso e se nos demande.



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email. Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

A cultura do pobo será o benestar dos nosos nados e por nacer, con respecto, liberdade e coñecemento do que se debe e non se debería facer coas culturas e as persoas que vivan nunha mesma terra, no mundo e a alí onde houbese sangue humano.

Santiago Carcas Cuartero



ÍNDICE

01 ANTECEDENTES	pág. 11
02 INVESTIGACIÓN	pág. 13
03 LOCALIZACIÓN	pág. 22
04 PROSPECCIÓN	pág. 27
05 EXHUMACIÓN	pág. 35
06 VOLUNTARIADO	pág. 53
07 ESTUDO ANTROP. LABORATORIO FORENSE	pág. 56
08 PROBAS ADN LABORATORIO FORENSE. XENETISTA	pág. 58
09 DIGNIFICACIÓN. INHUM. RESTOS MORTAIS	pág. 60
10 INFORME MEMORIA FINAL DIRECT. COORDINADOR	pág. 63
11 LIBRO E PUBLICACIÓN DE TODOS OS TRABALLOS	pág. 65
12 DOCUMENTAL DE VÍDEO E FOTOGRÁFICO	pág. 66
13 CREACIÓN INFORME MEMORIA FINAL. LIBRO	pág. 67
14 CONTIDO DOCUMENTOS. FORMULARIOS E ANEXOS	pág. 69
15 ANEXOS VARIOS	pág. 73
16 REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	pág. 78



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo

ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779

Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email: Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com



1º.- ANTECEDENTES

En primeiro lugar vaia o noso agradecemento ás persoas que participaron na elaboración deste *Manual básico de exhumacións*, no que se desenvolve, en parte, coas boas praxes e o entendemento acerca das necesidades de realizar os traballos de exhumación, e os asociados a ela, da maneira máis adecuada ás recomendacións aquí recollidas para garantir a profesionalidade e a viabilidade de todos os traballos que se han desenvolver antes, durante e despois das exhumacións:

ÁNGELA PIÑEIRO ACCIÓN

Investigadora Técnica en Exhumacións

MARIVÍ PASTOR SÁNCHEZ

Arqueóloga Técnica en Exhumacións

BEGOÑA HERMIDA PÉREZ

Arqueóloga Técnica en Exhumacións

SANTIAGO CARCAS CUARTERO Investigador Técnico en Exhumacións

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)

Departamento Legal e Forense - Instituto de Ciencias Forenses Xenética Forense

ARDF DESAPARECIDOS

Promotora de actuacións

Investigación - Localización - Prospección - Exhumación - Dignificación - Inhumación – Publicacións

Así mesmo, queremos asesorar abertamente a toda persoa que teña que levar a cabo calquera dos labores involucrados neste sistema de traballo, como poden ser a investigación, a localización ou a exhumación de fosas comúns da guerra civil española e posguerra, así como os traballos que se han realizar durante e posteriormente aos mencionados anteriormente. Precísanse cumprimentar para obter as garantías suficientes dun traballo ben elaborado e, polo tanto, garantir o achado de familiares das vítimas represaliadas, dos nomes a apelidos dos restos



mortais recuperados dunha fosa individualizada ou común, ben sexa no presente ou nun futuro relativo tras da súa publicitación nos distintos bancos de ADN dos que dispoñan as asociacións ou o Estado nas súas Administracións central, autonómicas, comarcais ou en calquera outra instancia, información que han ser sempre compartidas.

Estes son os colaboradores da ARDF DESAPARECIDOS que participaron no bo desenvolvemento dos traballos:

Laura Gil González	Victoria Lareu Huidobro
Rafael Sospedra Marco	Ángel Carracedo Álvarez
Maribel Zapata Leiva	Avelino Losada Roca
Alfonso Blanco Torrado	Helena Villar Janeiro
Virtudes Acción García	Santiago Fernández Sánchez
Fco. José Company Bayarri	Daysa Carpi
José M ^a Domínguez Rodríguez	M ^a Carmen Sáez Lorente
Amparo Linares Romeu	Fabiana Caraballo
Núria Martínez López	M ^a Carmen Roca Vázquez

Sempre se debe ter presente por encima de trabas burocráticas, políticas, ou dificultades de calquera índole, que o noso obxectivo inquebrantable é que as vítimas e os seus familiares reciban, como merecen, o maior respecto e o mellor traballo, que debe incluír todos os pasos precisos para intentar unha identificación biolóxica e excluír calquera actitude que interfira nela ou que a imposibilite.

Que ninguén olvide que o tempo corre contra nós e é irrecuperable para as nosas vítimas. S.C.C. 2015



2º .- INVESTIGACIÓN

Todo labor que se ha desenvolver precisa unha fase previa de estudo ou investigación.

Para comezar as investigacións é preciso saber que é o que se busca e para que, que uso se lle pretende dar cal será a forma da súa divulgación.

As investigacións sobre as posibles fosas comúns para exhumar requiren un proceso longo e rigoroso, polo que serán necesarios tanto o tempo como a paciencia, xa que se deberá volver unha e outra vez aos mesmos lugares de estudo para ampliar a información.

Para ir investigar a calquera dependencia é preciso levar unha cámara fotográfica de man que, a ser posible, dispoña do sistema "macro" para adoptar a resolución da fotografía que se tome ás condicións desexadas. Con este sistema, poderemos realizar fotografías por debaixo dun centímetro de distancia sobre o papel ou o obxecto.

Tamén é recomendable quitar o flash da cámara para non molestar os demais e evitar desfases de luz sobre o brillo ou contraste e, sempre que se poida, eliminar tamén o son do clic ao fotografar, por respecto aos demais e para evitar posible nerviosismo (ás veces, e en pequenas poboacións, inda existe moito temor por parte de secretarios ou políticos que deben estar presentes mentres se revisa a documentación, porque descoñecen a información que poden mostrar e adoitan ir con sixilo, aínda que isto xa vai ocorrendo con menor frecuencia), pero sería



necesario seguir os pasos mencionados respecto á cámara fotográfica.

É conveniente levar ao lugar da investigación un caderno, un lapiseiro con goma de borrar e dous bolígrafos de distinta cor de tinta para tomar anotacións in situ, que serán necesarias máis adiante, ou simplemente anotacións relativas ao observado.

Inda que actualmente xa non se precisa dispoñer de ningún carné como investigador, si é necesario ter algunha acreditación de asociación memorialista ou do organismo que realiza a investigación (Deputación, investigador privado, funcionario da administración...), porque se abren máis portas en todas partes. En certos arquivos militares, inda requiren pertencer a unha organización para obter a información requirida, e nos xulgados non amparan a Ley de Memoria Histórica vixente desde 2007, xa que só entregan información a familiares. Este obstáculo podería cambiarse por medio dunha resolución favorable dun segundo xulgado contra esa negativa reiterada.

Hoxe pode solicitarse información vía email por internet - aínda que se recomenda ir ao lugar concreto para investigar- se a información que se precisa non é excesivamente necesaria, xa que estas dependencias están moi saturadas, teñen pouco persoal e non poden desenvolver o seu traballo nas mellores condicións, polo que non perden demasiado tempo na busca de cada documentación solicitada. Quizais algún día, esperemos que si, cambien as formas de busca de información e de envío desde calquera arquivo ata o solicitante. De



momento, queda un longo camiño, xa que a maioría dos documentos están sen dixitalizar e as copias de papel seguen sendo excesivamente caras. O que adoitan recomendar os traballadores deses lugares é pasar uns días nas dependencias para que a busca e o achado da información desexada apareza e sexa proveitosa.

Dependendo do que se busque -se é documentación sobre feitos do pasado, lugares, ou persoas-, deberase acudir aos distintos arquivos disponibles. Algúns arquivos son inaccesibles, como os militares en xeral, que non se desclasificarán uns ata o ano 2025 e outros ata o 2050. Esta renovación realizárona os partidos políticos no poder, de maneira constante e impertinente, para que non se descubra a verdade das barbaridades que se cometeron antes, durante e despois da guerra civil. Consideran que a poboación non está inda preparada para coñecer a información: a verdade do xenocidio en exterminio que o fascismo impuxo en toda España. Pero o seu verdadeiro problema é que son descendentes directos, en moitos dos casos, do "poder" dos protagonistas desa historia contemporánea e o descubrimento da verdade resulta perigosa para eles. Mais isto é outro tema, inda que non de menor cuantía, xa que a información veraz dos investigadores, hoxe prohibida, ten que pasar por abrir todos os arquivos, que deberían ser públicos.

Nos arquivos provinciais e nalgúns locais, existe información relativa a persoas represaliadas e/ou fosas comúns polo xeral cemiterios se existen Actas de Defunción dos buscados, polo que haberá que facer un percorrido por eles, que non serán máis de tres ou catro en



poboacións e cidades medianas ou pequenas. Tamén podería haber máis e distintos en cidades grandes, como serían os do Partido Comunista, a CNT, a UGT, Partidos Republicanos...

Aos arquivos militares, como os de Salamanca, Ávila, Villaviciosa de Odón..., pódeseles solicitar información por email. Pero, se é insuficiente ou confusa, o mellor unha vez máis é ir e pasar uns días investigando, se existe esa posibilidade.

As investigacións deben pasar obrigatoriamente polos testemuños orais da poboación de onde procedían os represaliados no seu caso, buscando testigos e testemuños que, a pesar dos anos transcorridos, soe habelos en todos os lugares.

Os testigos adoitan ter a memoria adquirida en base á súa experiencia persoal ou por transmisión de uns a outros. En moitos casos acostuman a ter obxectos, fotografías, cartas, escritos, documentación..., que pode servir de gran aportación como probas para as investigacións e futuras publicacións. No caso de que alguén do lugar soubese da ubicación dunha posible fosa común, sen demora deberíase ir acompañado do testigo, e sacar fotografías e coordenadas do lugar sinalado

É absolutamente necesario para as entrevistas portar cámaras fotográfica e de vídeo, ao mesmo tempo que se toman anotacións. Levar as preguntas principais preparadas de antemán axudará moito ao bo desenvolvemento da entrevista. Será necesario mostrar coñecemento do que se está facendo e ter amabilidade



sempre. É posible que, ao principio, exista unha negativa do testigo ou testemuña, debido ao temor que inda existe á hora de falar destes temas e, sobre todo, a mostrar documentación gráfica ou obxectos. Por iso, nalgúns casos é posible que sexa necesaria unha cita para unha entrevista posterior ou unha chamada telefónica antes de acudir á cita, solicitando sempre o consentimento para a entrevista. A todas as persoas entrevistadas entregaráselles unha folla informativa e de consentemento da entrevista para a súa publicación. Entregaráselle sempre ao testigo ou familiares unha copia desa entrevista. Non hai que olvidarse de levar sempre un GPS polo medio que sexa, dispositivo ou móbil que demarque as coordenadas WGS 84, UTM, altura...

O feito de contactar con algunha asociación existente no lugar ou na cercanía tamén pode axudar na investigación, xa que, polo xeral, adoitan ter información do seu concello, e incluso dos colindantes, sobre a historia contemporánea: as represións, os asasinatos, o que ocorreu en certas datas... Esta colaboración pode dar bos resultados.

É imprescindible acudir ao Concello do lugar e presentarse ante o responsable da alcaldía ou secretaría, (polo xeral hai que pedir unha cita) para falar acerca das pretensións da investigación e solicitar a colaboración pertinente, xa que todo demócrata debería colaborar. Débese preguntar tamén polos nomes e apelidos, e teléfonos de persoas vinculadas a partidos progresistas, teñan ou non representación política no Concello. Se houberse unha negativa institucional a proporcionar os datos citados, hai que pedir a colaboración cidadá acerca da información que



se pretende adquirir. Incluso en comercios e cafeterías se podería preguntar polo caso que nos ocupa. Pódese facer tamén directamente a algunha persoa por se sabe de alguén que perdese no pasado durante a guerra civil española e/ou a posguerra algún membro familiar. Sempre haberá alguén disposto a colaborar ou a contar a súa historia familiar ou a do municipio.

É imprescindible, prioritariamente ao final da xornada, redactar un informe preliminar no que se manifesten os pasos dados desde a saída ata a chegada ao lugar investigado contando todos os sucesos acontecidos e ata a saída do mesmo, así como introducir as anotacións, descargar as fotografías, cambiar a cinta de vídeo e cargar todo: as baterías do material usado "cámaras de fotografía e vídeo", GPS, móbil... (Recoméndase ter dous arquivos, iguais pero en distintos discos, sobre os traballos realizados e investigados, un nun pendrive de gran capacidade e outro cando menos no ordenador, para garantir o control dos traballos). Recordade mencionar no informe o arquivo consultado. Como é lóxico, dependerá de se é militar ou doutra índole. Anotaranse os seguintes datos: - Caixa- Tomo - Folio - Causa - Libro - Número - Páxina - Título investigado - Detalles - Data- Lugar - Quen realiza a investigación.

Son moitos os arquivos que se poden consultar, dependendo do que se busque, como poderían ser fotografías aéreas, ata 1954 ou posteriores, no Registro General Militar de Villaviciosa de Odón – Ejército del Aire, ou no Archivo General Militar de Salamanca, onde existen



documentos sobre batallas, brigadas, batallóns, soldados, expedientes sancionadores contra militares...

Pola Ley de Secretos Oficiales, así como a que afecta á intimidade, á honra ou a que conteña datos de carácter persoal, este feitos non poderán ser investigados por calquera persoa que non estea implicada nos datos, como sería o caso exposto anteriormente dos xulgados. Nestes casos, haberá que ter coidado coas publicacións que se manifesten -ben en artigos, libros ou calquera outro medio- sen o consentimento dos familiares ou quen queiran (indeterminado), e co que se relata nelas, xa que ten habido casos nos que o investigador ou escritor foi denunciado ou obrigado a retirar os nomes publicados. Noutros casos, soamente permitiron expoñer as iniciais, a pesar de que a Ley de Patrimonio Histórico Español manifesta, sobre o acceso á la documentación existente en arquivos públicos no artigo 57, apartado c):

“...ou ata que transcorrese un prazo de vintecinco anos desde a súa morte, se a súa data é coñecida ou, noutro caso, de cincuenta anos, ou a partir da data dos documentos”.

Por suposto poden consultarse todos os arquivos municipais (Arquivo Histórico), provinciais, provinciais en delegacións, e os pertencentes a partidos políticos, sindicatos, agrupacións, asociacións, igrexas, bispados...

Algúns estamentos incumpren a Ley 52/2007 de 26 de decembro (Ley de Memoria Histórica) polo que adoitan ser os Tribunais os que se pronuncian a favor de abrir os arquivos ás investigación, se non están protexidos polo



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email. Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

Estado central. Non olvidemos que entre os arquivos históricos soen estar as responsabilidades políticas do lugar, da zona ou da provincia na que aparecen datos sobre represaliados, soldados, executados, desaparecidos...

Hoxe pódense atopar todos os arquivos para consultar na rede (internet), pero deixaremos aquí algunhas páxinas de interese de información onde aparecen varios arquivos existentes:

<http://www.combatientes.es/Busquedas.htm>

<http://www.memoriacatalunya.org/arxius%20militars.htm>

<http://memoriasdelaguerracivil.blogspot.com.es/p/arquivos-militares.html>

<http://www.liberadosdelolvido.org/memoria/investigar>

Cómpre recordar que debe buscarse o arquivo adecuado, ademais dos externos, militares ou non, en cada municipio, provincia ou comunidade, xa que algúns poderían non aparecer nos datos que aquí se expoñen e así mesmo puideran xurdir outros novos por traslado ou creación.

En caso de atopar posibles familiares, intentarase investigar a súa localización para contactar con eles. Aos que queiran colaborar entregaránselles fichas¹ de permisos e de identificación de desaparecidos² creadas pola asociación no marco legal das leis estatais e da United Nations - Human Rights Officer Special Procedures Branch-Office of the United Nations High Commissioner for Human Rights.



Desde o inicio do primeiro traballo deste proceso, calquera persoa que participe nel deberá cumprimentar o formulario que o investigador levará sempre consigo e entregará a todos os que participen ao longo de todas e cada unha das intervencións do proceso. O dito documento especificará claramente a conformidade do interesado en ser fotografado, filmado..., sempre sen ánimo de lucro por parte da promotora da excavación, que está representada polo investigador.

1.- No apartado "Informes" (máis abaixo), móstrase algún exemplo das Fichas de Desaparecidos usadas pola ARDF DESAPARECIDOS

2.- Considérase desaparecido quen, no caso das vítimas do franquismo, non teña sido exhumado. Unha vez recuperado o resto mortal ou óseo, se non se atoparon xens en proba comparativa con outra/s persoa/s, e comprobadas, pasarán a ser denominados *investigados sen familiar conocido*. É moi frecuente o erro de datos por motivos diferentes: cando se pensa que os restos mortais buscados se encontran nun lugar determinado para, tras da exhumación, comprobar que non é así e cando tras das probas de ADN, se descobre que non pertencen aos que se buscan.



3º.- LOCALIZACIÓN

Tras finalizar os traballos de investigación, chega o turno da localización.

Se os estudos que se levaron a cabo sobre os testemuños, testigos, documentos... nos deron a posible ubicación dunha ou de varias fosas comúns, o paso seguinte será visitar o terreo, se non se fixo con anterioridade, ou volver ao mesmo lugar para recoller as posibles notas que na primeira ocasión non se tomaron.

Cabe a posibilidade de que a ubicación da fosa común se atope nun terreo particular, estea valado, cercado ou non teña accesibilidade. Neste caso, intentarase contactar co propietario ou con quen explote a finca, o campo ou a parcela para coñecer os detalles e poder localizar o auténtico dono.

Írase ao Concello do lugar ao que pertencenza a finca e pedirase o número e o nome do polígono e a parcela aos que pertence o terreo, indagando de paso sobre os propietarios. Hai casos nos que podería estar en superficie algún resto óseo ou que algún animal o teña sacado á luz, polo que, se son visibles desde calquera punto, o que hai que facer é contactar coa Garda Civil para que se faga cargo de investigar se os restos óseos son humanos, contemporáneos... Se é unha asociación quen se percata de tal circunstancia, deberá falar coa Garda Civil e/ou poñer unha denuncia no xulgado de garda, con fotografías ou debuxos xunto con todos os datos posibles, atendendo a que poderían ser os restos dun represaliado ou soldado da GCE desaparecido ata ese momento. Todo isto para



que se considere que poden pertencer a persoas falecidas por morte violenta e/ou forzada. As autoridades deberán ter en conta a prioridade de resto mortal ou óseo pertencente á denominada Memoria Histórica³. A Administración deberá ter un arqueólogo ao seu cargo para este tipo de casos e para cando o xuíz ditamine unha exhumación urxente, se chega o caso o a recollida dos restos óseos afectados por algún patrimonio cultural. Tamén se evitará que os restos sexan depositados nalgún museo quedando no olvido, senón que sexa cedida a investigación na busca de información sobre os exhumados a unha asociación ou a investigadores cualificados en busca de posibles familiares.

³.- Pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 23 de setembro de 2011, polo que se ordena a publicación no Boletín Oficial del Estado do Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da guerra civil e a ditadura - III. Procedemento de actuación - 1. Informes e autorizacións - c) Solicitar os permisos e autorizacións correspondentes - • Acceso aos terreos: no caso de que se trate de terreos de titularidade pública, as autoridades competentes autorizarán, salvo causa xustificada de interese público, a ocupación temporal dos terreos. Se se trata de terreos de titularidade privada, deberase obter o consentimento dos titulares de dereitos afectados sobre os terreos nos que se encontren os restos. Se non se obtívese tal consentimento, deberase comunicar á Administración competente para o inicio dos trámites para a ocupación temporal dos terreos, que terá a duración estritamente necesaria para a realización das tarefas de prospección e excavación, e rexirase polo previsto na normativa aplicable en materia de expropiación forzosa. As actuacións reiniciaranse cando se resolva o expediente administrativo sobre ocupación dos terreos.



En caso de que o propietario dos terreos se negue a dar o permiso temporal pertinente, levarase ao xulgado de garda e denunciarase segundo a Orden PRE/2568/2010, de 26 de setembro.⁴

En caso de pertenceren os terreos a un particular, haberá que seguir os mesmos pasos anteriormente citados e os últimos comentados.

De ser a parcela de titularidade descoñecida ou de propietario do que non se coñece o paradeiro, ou de estar en débeda co seu Concello por herdanzas ou abandono das terras, este último poderá intervir en favor da asociación que demanda a entrada na finca para realizar os traballos que fosen, expropiando e delegando responsabilidades para os seus traballos na asociación solicitante. No caso de que no se encuentre o propietario nun tempo razoable, a asociación deberá conseguir os permisos do Concello para os seus fins.

Unha vez obtidos os permisos necesarios sobre os terreos que se van ocupar, procederase á investigación e localización da posible fosa común.

A localización das posibles fosas comúns, en principio, non precisa de permiso ocupacional da parcela se o propietario colabora coa asociación, podendo acompañar, se así o desexa, os técnicos investigadores documentalistas para a toma de datos. En caso de ser o Concello o responsable do terreo, notificaráselle a visita á finca coa suficiente antelación para que dea a súa aprobación e por se quere estar presente na parcela durante os traballos.



Hai que recordar que, en gran parte, os asasinatos se soían cometer con nocturnidade, polo xeral con moitas présas e poucos coidados, polo que os represaliados eran trasladados ás aforas das poboacións (hai outros moitos casos diferentes sobre presos), levándoos ata o campo de labor que determinasen, e eran asasinados moi cerca do camiño que os trasladou a ese lugar. E o enterramento sería igual, enterramento rápido e con moito medo polos que eran obrigados a cavar as fosas comúns. Coñecendo estes detalles, deberase indagar e inspeccionar cerca dos camiños, entre 1 e 25 m. de distancia deles.

É conveniente manter continuamente informado a quen o suxira para a boa relación entre asociación, particulares e administracións (todas).

Aínda existen Concellos, Patrimonios e Deputacións que descoñecen todo o referente ás leis e recomendacións acerca do Protocolo de Exhumacións e da "Memoria Histórica" antes mencionada, polo que, agás cos que non teñan ningunha vontade en cooperar, (e que poderán ser denunciados ante os Xulgados), deberase tratar con eles prestándolles colaboración e asesoramento na medida en que sexa posible, sendo necesario que as persoas que realicen as indagacións nas investigacións e localizacións de fosas comúns da guerra GCE e posguerra teñan coñecementos claros das leis que as poidan afectar.

Unha vez na parcela, igual que nas investigacións pero de maneira oficiosa, tomaranse a altitude, coordenadas, datos de interese....⁴.



A ser posible, debería, por medio dunha cita previa, quedar con todos os testigos, testemuñas e familiares, e explicarlles todos os procesos que se están levando a cabo e os traballos que se farán máis adiante. Neste caso, solicitaráselles a todos os testigos e testemuñas que entreguen toda a documentación da que dispoñan sobre os desaparecidos e asasinados, como fotografías, actas de defunción...

É importante dispoñer dos detalles de contacto de todos para mantelos informados e que poidan así consultar o que precisen ou aportar novos documentos ou outra información en calquera momento, o que se denomina "a memoria viva".

É conveniente levar sempre un detector de metáis, que será usado por un profesional na materia, para poder discernir os distintos achados que mostre o diseminador de ondas electromagnéticas de recepción, pero sen alterar nin tocar nada. Só hai que descubrir se nos arredores de onde se di ubicada a fosa común existe algún punto de evidencia clara para, posteriormente, tomar todas as notas pertinentes e elaborar outro informe que se engadirá aos anteriores.

Se existe un propietario ou propietarios da parcela, aproveitarase este momento para a súa disponibilidad na firma do documento no que quede escrita a cesión da súa terra en favor temporal (duración de todos os traballos de excavación - exhumación) para a entidade que corresponda.

4.- Toma de coordenadas e datos similares



4º .- PROSPECCIÓN

Xeorradar. O uso da Xeofísica como ferramenta para as prospeccións de fosas comúns da GCE en España, está desbotado por quen puideron comprobar que non só non lles axudaba no achado das mesmas, senón que ademais retrasaba en demasía o tempo de localización exacta dos restos mortais.

A utilización desa máquina tan diversa, está en permanente discusión e o seu uso é voluntario.

Interpretar os resultados só deben facelo os profesionais ou persoas cualificadas no estudo para tales funcións, polo que, a falta deles, os datos serios adoitan quedar orfos á hora de atinar na ubicación dunha fosa común.

Existen decenas de aparatos para diversos usos e probas⁵. O problema do uso destes aparatos xeofísicos non é tanto en si porque poidan fallar no momento de ubicar unha posible fosa común nun lugar determinado, senón da persoa que faga uso del e o diagnóstico final na conclusión que faga das estatísticas de patrón de alteracións estratigráficas e de volume. É moi normal que, despois de non atopar a fosa común por medio do xeorradar, ao final se acaben facendo centos de gabias ata encontrala, se existe.

5.- O método magnético (a)

Neste contexto, as variacións que sofren as propiedades físicas do solo poden ser estudadas a través da aplicación de mecanismos específicos cuxa metodoloxía require un coñecemento de certos modelos físicos. Entre as principais propiedades físicas do solo, pódense mencionar: a **resistividade eléctrica**, que cuantifica o grao de dificultade que certo volume de solo ofrece ao paso das cargas en movemento, e a **condutividade eléctrica**, que representa o inverso da resistividade.



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email: Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

O magnetismo do solo traducido en término dos campos magnéticos que se xeran nel e o seus compoñentes. A propagación de ondas mecánicas no solo. A súa temperatura. - O campo de gravidade.- A radiactividade.

O método eléctrico^(b)

As propiedades eléctricas do solo atópanse influenciadas polo fluxo de calor, a saturación de auga, a cantidade de arxila, o tamaño dos grans, os poros e as fracturas. Tamén afectan as condicións ambientais do solo a unha profundidade dada, as propiedades termodinámicas, como a presión, e a temperatura ou a fugacidade de osíxeno.

(a)- (Scollar *et al.* 1990). - (Dabas 1989). Revista Española de Antropología Americana 115 - 2007, vol. 37, núm. 1, 111-126

(b)- (Nover 2005). Revista Española de Antropología Americana 115 - 2007, vol. 37, núm. 1, 111-126

Primordialmente, será necesario que a asociación ou agrupación familiar interesada solicite o permiso correspondente para a prospección, segundo as leis vixentes nese momento, e Patrimonio Cultural ao que pertenza a poboación que alberga a parcela a examinar e, por suposto, tal e como xa se mencionou noutro aparatado, co permiso do propietario do terreo se o tivese.

Na solicitude do permiso, argumentarase a práctica de catas sucesivas e pouco calibre alí onde existisen posibles indicios de albergar fosa común ou recollida de obxectos e materiais atopados durante a prospección. Faranse de xeito manual e co máximo dos coidados. No caso extremo de ser un terreo árido, secaño, difícil e extenso, e despois de pasar o detector de metais e encontrar posibles evidencias de fosa común, usar unha pa excavadora de cazo mínimo (40 cm) ata achar os indicios de fosa para posteriormente volver cubrir con sumo coidado a cata aberta.



O DETECTOR DE METAIS - IMPRESCINDIBLE

A ferramenta que non pode faltar xamais nunha prospección e exhumación é o detector de metais, xa que será o mellor mellor útil do que se pode dispoñer, polo que se usará de maneira obrigada.

Non podemos facernos unha idea de cantas evidencias e probas nos pode revelar de obxectos asociados que portaban os restos mortais: proxectís que foron os que os mataron, vaíñas de fusil e de armas curtas (tiros de graza), medallas, broches das mangas da camisa, cadeas, pezas dentais, remaches de bota (para saber se eran soldados nunha exhumación e nun cemiterio por exemplo), aneis, reloxo, cargadores extraíbles de munición... Cantos se perderon ao longo de todos estes anos, porque purgar a terra extraída non é suficiente.

A manipulación do detector de metais por medio de ondas electromagnéticas debe realizalo un profesional na materia. Doutro modo, un usuario simple tan só poderá encontrar os obxectos metálicos aparentemente visibles. As clases de sons diferentes, alternados, case inaudibles, a profundidade en axuste, a sonoro-habilidade, a destreza no seu uso é o máis importante. Isto é cousa de especialistas. Atopar probas e evidencias dos feitos acaecidos no lugar ou nas súas proximidades é de suma importancia en casos de morte por asasinato ou falecemento en combate.

Hai que ter en conta que, igual que na exhumación, é imprescindible que o detector de metais sexa pasado por toda a área que hai que excavar. Para iso, será preciso, tempo antes da excavación, realizar o traballo de campo con anotacións en cada achado de ubicación por medio de fotografía, vídeo -se é posible- e coordenadas para a súa distribución na parcela examinada.



O achado de materiais, "os que fosen", na parcela onde se ubica a fosa común que se busca son prioritarios para saber onde puideron ser executados os represaliados ou faleceron os soldados, buscando co detector de metais, por toda a parcela e por moi grande que sexa, tanto o lugar da morte como a propia fosa común.

Moitos serán os veciños que se achegarán ata a prospección ou excavación para dar o seu punto de vista. Sen desbotar ningún, primordialmente seguirase o protocolo que recomenda poñer en práctica as probas principais.

Volvemos recordar, tal e como se menciona no aparatado LOCALIZACIÓN, que se deberá inspeccionar sobre todo cerca dos camiños, a poucos metros deles na súa liña lonxitudinal.

A prospección comezará sempre por un lado da parcela, se non se ten un testemuño que fale dunha ubicación da fosa común, tomando notas de todos os datos anteriormente descritos. Será preciso portar unha libreta, un lapiseiro, unha goma de borrar, un bolígrafo, cámara fotográfica que dispoña de sistema Macro e cámara de vídeo, seguindo todos os pasos de postes de marcaxe e cordas brancas -se é campo de labor- ou cinta de obra. Levarase tamén unha aixadiña mediana que terá polo extremo un dobre U para penetrar na terra sen destruír o obxecto. Hai que ter dispostas teas que non raien para envolver, unha pequena navalla, un machete dependendo onde se estea para a retirada de maleza, tesouras podadeiras, serras de cortar -manual e mecánica-, pico, pa, aixada, xeo-textil por se



houbese que protexer calquera cousa que se atope, pauciños de demarcación de achado e unha ou varias lanternas sempre cargadas. Sóese recomendar tamén, levar walkie talkie para a comunicación entre os membros do equipo. É moi recomendable o uso de varillas de penetración, que deberán medir 1,60 m de longo con punta e asas para poder extraelas adecuadamente. Alí onde a terra dea unha alteración, se atopen vaíñas, proxectís de armas ou calquera outra evidencia, sería conveniente proceder á introducción das varillas para coñecer se existe algunha alteración no seu interior.

En todos os traballos que se realicen, e sempre que haxa que tocar calquera obxecto ou materia, será obrigatorio o uso de luvas. Por seguridade, sen guantes non se pode traballar, como prevención das mans e do que se atope en calquera momento.

Para a limpeza de obxectos e materiais usados, será precisa unha cubeta de ultrasóns, imprescindible para un bo traballo detallado e protección de material sensible.

Primeiramente, demarcarase a zona que se vai inspeccionar que, segundo o terreo, podería ser de 25 m de ancho X 50 m de longo, chamándolles, por exemplo, **a**, **b**, **c** e **d** no seu rectángulo e vértice.

Tomaranse fotografías e vídeo, tanto ao comezo como ao final dos traballos e da xornada.

Demarcaranse pasos lonxitudinais dun metro de ancho entre eles para levar unha liña recta e non perder a



orientación co detector. Pasarase o aparato por todo o terreo, máis alá de onde as investigacións e localizacións deron como probabilidade a posible ubicación da fosa común.

Teranse preparadas de antemán as bolsas onde se introducirán os obxectos que se vaian encontrando. Para iso, será necesario ter construído bolsas de distintos tamanos de papel dobre de estraza (craft), cerradas con cinta adhesiva polos laterais, das que nunca se tocará o interior do papel para non contaminar. En caso de estaren húmidos os obxectos ou materiais que se atoparon, secaranse ben con teas finas que non deixen filamentos nin raien e que absorban a humidade. Será necesario incorporalas xunto coas ferramentas e utensilios, que se gardarán en caixas de cartón preparadas para tal uso, ben clasificados e marcados.

Ao final de cada xornada, realizarase un informe detallado de todo o transcorrido durante o día de traballo coas incidencias, as persoas que participaron, o que se atopou, o tempo de traballo e as observacións (toda esa documentación deberá terse preparada de antemán).

En caso de encontrar algún resto óseo ou a propia fosa común, ou haber calquera outra incidencia importante ou excepcional, deberase chamar a Patrimonio e outros interesados, como familiares ou a administración que o requira, para dar conta do interesado e descuberto.

Todo labor require unha preparación imprescindible, polo que se recomenda que os profesionais técnicos compartan, desde o comezo dos traballos, con outros profesionais de



distintas ocupacións certa empatía. Do mesmo xeito, ampliarase o ámbito desta boa relación ás universidades que participen con voluntariado e/ou estudantes, a voluntarios e a outras persoas que poidan colaborar nas excavacións.

Os materiais achados deberán entregarse á persoa responsable da súa limpeza e clasificación, que polo xeral deberá ser entendida en balística e ter coñecementos sobre restauración de obxectos. Estes materiais deberán permanecer, tras da súa limpeza, no mesmo estado en que foron atopados. Tan só será preciso eliminar as impurezas que conteñan e os residuos que impidan a identificación concreta do obxecto ou material diverso.

Xamais debe realizarse a limpeza completa (pulido) dos materiais bélicos, xa que perden o seu valor documental, (para mostrar os mesmos materiais orixinais, existen fotografías sobre o material en desuso e provisto nos diferentes museos militares existentes).

O recomendable é non usar produtos tóxicos degradantes, nin pulidores, ni abrasivos, nin de lixados, nin nada que altere de maneira antinatural o estado dos obxectos asociados ou dos seus materiais, senón onde o requira e sexa factible usar máquina de ultrasóns. O ideal é usar bastonciños de serda ou similares, de distintos tamanos.

Debemos abrir os coñecementos aos novos e futuros profesionais e voluntarios, e a todos aqueles que o requiran. Desta forma, iremos mellorando co tempo, tanto a metodoloxía en cada ámbito (arqueoloxía, antropoloxía, medicina, patoloxía forense, paleontoloxía e outras), como



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email: Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

as formas de traballo que require toda profesionalidade cando nos atopamos ante restos mortais da GCE e posguerra, aos que nos debemos co máximo dos respectos.

Nesta cuestión hase ser moi claro e contundente, diante dos traballadores técnicos ou dos voluntarios que fosen, en ter e salvagardar a maior das sensibilidades que se corresponde cos traballos que se están realizando e os restos óseos ou mortais. Gardarase o máximo dos respectos en todos os traballos que haxa que realizar.

Tras o remate da prospección, darase comunicado a todos os que requiriron o aviso, primordial e principalmente ao Patrimonio Cultural correspondente e aos familiares se os houbese.



5º .- EXHUMACIÓN

As exhumacións de fosas comúns da guerra civil española e posguerra, son clasificadas no contexto actual e renovador de Arqueoloxía Forense. Por iso, a súa interpretación pasa porque a Arqueoloxía Forense sexa unha rama das Ciencias Forenses que aplica os principios, técnicas e metodoloxía da Arqueoloxía a un contexto legal, principalmente **médico-legal**.

As melloras que hai que levar a cabo con relación a como se debe actuar nas exhumacións de fosas comúns da guerra civil española e posguerra deben ser permanentemente revisadas, facilitando sempre tanto os traballos que han realizar as asociacións, equipos técnicos ou os que fosen en cada momento e lugar, como a realización de expedientes, documentos, formularios, permisos...

Para iso, a Administración (Patrimonios Culturais, Deputacións, Concellos, leis estatais...) deberá ter previstos os documentos xa escritos e formulados correctamente sobre a solicitude dos tipos de permisos (prospección, exhumación...), onde as asociacións e/ou os antes descritos tan só deberán engadir os datos estrictos de cumprimentación de formularios básicos nos espazos en branco para a colocación de nomes, datas, datos sobre a asociación, equipo técnico, datas de inicio das excavacións..., material que se aporta, experiencia en fosas comúns dos responsables de cada área...



Os formularios deben estar cumprimentados na súa maioría segundo as leis vixentes en cada momento ou complementos das distintas administracións e Patrimonios para facilitar o cumprimento de solicitude de permisos. Por iso serán inscritos nos lugares correspondentes de maneira obrigada para seren cumprimentados polos responsables das solicitudes de permisos coas súas firmas con nomes e apelidos, e data de expedición, de tal maneira que se eviten malos entendidos entre os traballos que se han realizar e as competencias administrativas, deixando constancia no formulario de que a metodoloxía científica usada será a legal vixente:

- Que o seguimento da cadea de custodia dos restos óseos no seu traslado ao laboratorio xenetista son os correctos en canto a precinto, embalaxe e entrega dos mesmos.
- Que a manipulación dos restos mortais se realizará con protección máxima ata a recollida dos restos óseos para as súas probas de ADN.
- Que será unha soa persoa quen manipule e extraia os restos óseos dun fémur completo e dúas pezas molares por cada resto mortal. En caso de non haber os restos óseos mencionados, recuperarase para o ADN unha tibia ou, no seu caso e sendo menos recomendable, un húmero. In extremis, intentarase recuperar ósos longos que estean nas mellores condicións (non fracturados...), sendo a preferencia o fémur e dúas pezas molares.

En ditos formularios, aos que se poden engadir anexos segundo a extensión do que se queira comunicar ou aportar, deixaranse espazos en branco para



cumprimentalos, segundo o argumentado con anterioridade.

Desde a Administración deberase vixiar o cumprimento de obrigatoriedade de colaboración de Concellos e Deputacións en todo o que lles soliciten as asociacións que levan adiante todos os traballos descritos, desde o comezo dos mesmos coas investigacións ata a propia inhumación e publicitación de todos os traballos por medio de libros, vídeos, exposicións fotográficas...⁶

A figura do director coordinador⁷, será a máis avaliada con respecto ás responsabilidades de cada profesional que participe nos traballos. Poderá pertencer á asociación ou entidade que patrocina a prospección e/ou ser nomeado para tal labor pola entidade para a excavación-exhumación e resto de traballos que se realicen ata a inhumación.

Farase cargo de xestionar a todo o persoal e, sempre contando coa entidade promotora, se non pertencese a ela, de tomar os datos requeridos pola Administración, de organizar os profesionais e o voluntariado, de preocuparse do material e das ferramentas que se utilicen, das suxerencias que se realicen por calquera persoa que participe nos traballos e da recollida de todos os informes que deberán realizar os profesionais, sexan preliminares ou finais.

⁶.- Deberan regularse e adaptarse as leis aos requisitos que as melloras aconsellen en progreso e tempo.

⁷.- Protocolo de actuación en exhumacións - I. *Introducción de actuación* - III. *Procedemento* - A) Investigacións preliminares - O obxectivo desta fase é coñecer, coa maior exactitude posible, e para a que se contará coa colaboración de documentalistas,



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email: Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

entrevistadores e psicólogos, a identidade da persoa desaparecida, a historia do caso e o contexto histórico local.

Tamén asumirá o papel de realizar o informe memoria final, de localizar lugar de hospedaxe, de alimentos, de transporte, do control na recollida de restos óseos para as probas de ADN, da recollida dos restos mortais, da embalaxe e transporte, da volta dos mesmos, de que se realice vídeo e fotografías de todo o proceso, da súa publicación, de que se faga libro memoria de todos os traballos, de organizar os eventos de dignificación, da inhumación, etc... E deberá velar polo bo funcionamento dos traballos.

Os profesionais que participarán nesta etapa serán investigadores documentalistas, antropólogos, historiadores, voluntarios, etc...

Calquera medida que se deba tomar con relación a todo o traballo que se desenvolva sobre a fosa común, será consensuada por todos os profesionais elixidos para cada tarefa (director coordinador, director arqueólogo e director médico forense antropólogo ou en campo médico licenciado ou antropólogo forense de máster)

Para a exhumación será necesaria a figura do director coordinador e codirector coordinador (se o suple), un director arqueólogo (recomendase tamén un codirector arqueólogo), un licenciado en Medicina o un antropólogo forense de máster⁸ que levarán a dirección sobre o tratamento dos restos óseos a pé de fosa, cumprimentando as fichas "mortem" sobre cada resto mortal e óseo, xa que estes serán exhumados por áreas anatómicas (extremidade completa, caixa torácica, cranio,...).



8.- Non é necesario un experto en Antropoloxía Forense nos traballos de campo, xa que tan só se dedicará a cumprimentar as fichas "mortem" que se serán dispostas para estes traballos. Serán claras e profesionais, inscribindo só o aparentemente visual e intentando manipular os restos óseos o menos posible e sempre con protección. O licenciado médico coñece á perfección o esqueleto humano, polo que saberá encontrar fracturas e outras anomalías dos restos óseos como traballo de campo, só o imprescindible, para que o médico forense e antropólogo no laboratorio teñan unha relación clara de como se atoparon os restos óseos. Será este último quen, tras un estudo pormenorizado, elabore o estudo e o informe final que entregará á entidade promotora e ao director coordinador para a súa elaboración do Informe Memoria Final, tanto do arqueólogo como do antropólogo forense. O forense non é necesario na exhumación, porque non estamos tratando con corpos recentemente falecidos nin cadáveres, senón con restos óseos e/ou mortais de máis de 70 anos.

Nos traballos de estudo en laboratorio, serán precisos expertos na súa materia: os médicos forenses antropólogos, que realizarán os estudos antropolóxicos aos restos mortais e/ou óseos, e o laboratorio xenetista de experiencia demostrada sobre restos óseos de máis de 70 anos. Deberán informar obrigatoriamente á entidade promotora do traballo, sempre por escrito, sobre qué e cómo desenvolverán os seus traballos, o número de probas xenéticas que deben realizar se son estas negativas, e o custo das mesmas e prazos de entrega de resultados para ser publicados nos Bancos de ADN de cada estamento, para garantir o traballo ben cumprimentado.

Cumprir os prazos é moi importante, porque inda quedará a dignificación e a inhumación dos restos mortais.

A responsabilidade sobre a excavación estará sustentada na asociación promotora e a nome do especialista en fosas comúns e director coordinador, que será a quen se lle concedan os permisos de excavación, delegando por contratación ou ocupación profesional a todos os



compoñentes do equipo, que serán mencionados con nomes e apelidos, dirección, curriculum e teléfono de cada un dos responsables da área correspondente.

A asociación determinará as responsabilidades diversas na excavación, polo que o arqueólogo será responsable da arqueoloxía, o forense antropólogo do estudo antropológico, o xenetista do estudo das probas de ADN, os criminólogos ou especialistas en balística da GCE. Os profesionais das belas artes serán responsables da limpeza e catalogación dos obxectos asociados atopados na fosa común e nos arredores⁹ e o director coordinador será o que recolla todos os informes dos anteriores, atenderá a todas as persoas que participen nas excavacións, os familiares, a prensa, etc. Será tamén quen documente cada día todo o que se precisa e se require -como asistencias, incidencias, fotografías, vídeo, as queixas que houberse- e quen coordine a todos os profesionais que se atopen alí. Ningún profesional se inmiscuirá nos labores dos outros, a non ser que se lle solicite.

A excavación arqueolóxica irá a cargo do director arqueólogo. Unha vez aparezan os primeiros restos óseos, tomarán a súas responsabilidades o médico licenciado ou antropólogo forense e o resto de profesionais para sacaren en superficie os restos mortais ou óseos. Con anterioridade, terase solicitada información sobre o terreo que se vai excavar.¹⁰

⁹.- Polo xeral, o material que aparece nas fosas comúns e nos seus arredores pódese tratar con sumo coidado por parte de calquera dos profesionais. Polo tanto, a recollida destes materiais ou obxectos non precisaría de especialistas durante as excavacións.



10 .- Pódese comprobar previamente coa documentación da Carta Arqueolóxica das Comunidades.

No interior da fosa común non se comerá, non se fumará e non se tirará nada orgánico ou inorgánico, nin dentro nin nos seus arredores, para o que se dispoñerá sempre de bolsas para lixo, que serán renovadas ao final de cada xornada.

É recomendable, no transcurso da excavación, facer tres tomas de mostra de terra que se introducirán en frascos de cristal asépticos: da zona excavada onde aparezan os primeiros restos óseos, da que se atope entre os restos óseos e da base da fosa unha vez exhumados os restos mortais. Debe facerse analizar, levando as conclusións aos informes finais e ao libro lemoría, así como ás distintas Webs Estatais e de Asociacións.

Excavarase en busca da ubicación exacta da fosa común. Unha vez localizada, delimitarase na súa lonxitude e anchura e rebaixarase a terra, segundo entendan os profesionais, seguindo sempre as unidades estratigráficas. Comezara á extracción de terra procedente da fosa a través de medios manuais, con paletas, piquetas, cepillos brandos e brochas, ata encontrar o primeiro resto humano ou calquera outra evidencia con el relacionada. Daquela, xa se usará instrumental definido para ese traballo, como material de cerámica, odontolóxico ou similares, intentando evitar, na medida en que sexa posible, instrumentos metálicos que poidan dañar os restos óseos. Sempre se traballará con máscara e luvas de látex (vinilo en alérxicos) para o descubrimento dos restos óseos e, se fose preciso, ampliarase a protección a pés, cabeza e



corpo, dependendo da humidade, o vento e a climatoloxía en xeral.

O material imprescindible recomendable para realizar a excavación será o seguinte: cando menos un ou dous vehículos de transporte de materiais e persoas, ferramentas de excavación (picos, pas, legoñas, criba, aixadas, aixadiñas, piquetas, recolletores, mazas, martelos, caldeiros de asa (albanelaría)... Ferramentas de exhumación (material de cerámica, de madeira e metal, odontolóxico, cepillos e brochas, xerador, aspirador de sólidos, detectores de metais de alta gama e profundidade, cámara de fotografía con programa "macro" (fotografías a corta distancia). Tamén varas para determinar puntos fixos e escalas para a realización das fotografías, cámara de vídeo HD alta definición, ordenador portátil e o seu trípode, pendrive, software de oficina, navegador GPS (toma de coordenadas en xeral), mira telescópica, cinta métrica (ata 100 m e inferior), trípode de aluminio robusto, nivel óptico ou teodolito, nivel automático, lonas e toldos de protección de zona (de distintas dimensións e diámetros), papel de estraza/craft, caixas de cartón, rotuladores indelebles, bolígrafos, cadernos de apuntes, lapiseiros, gomas de borrar, papel de debuxo cadrulado por escalas, cinta illante, cinta adhesiva, focos luminosos Led ou similares de gran potencia e trípode, cables, alargadeira de toma de tensión eléctrica, cinta de baliza (sinalizar e protexer o lugar de excavación), ademais de material previsto tamén no apartado "prospección".

Para a excavación da fosa común, se é nun cemiterio, crearase unha cata coas dimensións xerais da suposta



fosa, comezando polos seus dous vértices a un tempo, é dicir, polos seus dous lados, para ir buscando o lugar exacto da ubicación dos restos antropolóxicos. Unha vez que se localicen, as persoas encargadas da excavación organizarán o desenvolvemento dela para que se poida ir traballando desde distintos ángulos da fosa, sen molestarse uns aos outros.

Se a fosa común non está exactamente localizada, actuarase realizando varias catas a un tempo (dependendo do persoal colaborador). O normal sería, segundo sexan o terreo e os espazos, que as catas teñan dimensións parecidas a 1 X 2 m (poderán ser máis curtas ou máis grandes, segundo a consideración dos profesionais), e que se faga un seguimento do terreo para acaparalo todo. As catas serán creadas en forma de cruz, da seguinte maneira: a primeira será lonxitudinal e vertical e a seguinte - adxacente e paralela- será lonxitudinal e horizontal. Sucesivamente, realizaranse así estas exploracións estratigráficas. Todo dependerá dos restos mortais que se buscan. Canto máis alto sexa o número, máis ampliación poderá deixarse entre unha cata e a seguinte e será ao contrario se son menos en número os buscados.

Unha vez achada a fosa ou fosas comúns, procederase á súa delimitación por parte dos arqueólogos, diferenciando o recheo da fosa do resto do terreo.

Posteriormente, acondicionarase todo o terreo para a comodidade dos profesionais que teñan que traballar sobre a fosa común, recordando sempre habilitar, se é posible, dúas salidas da fosa, unha por cadanseu lado, en desnivel,



para sacar a terra extraída a través de caldeiros e, xa fóra da fosa, encher as carretillas para o montón de terra e así non interromper o traballo do interior da fosa.

Ao aparecer o primeiro resto óseo, seguirase coa extracción de terra na fosa, pero obrigatoriamente se deberán chamar ós axentes de seguridade (Garda Civil) para que se acheguen á excavación, tomen nota de todo o que está acontecendo e chamen ao xulgado que corresponda ao lugar onde apareceron os restos óseos, para xudicializar a fosa común.

Os restos mortais, unha vez en superficie e expostos na fosa común, agás os xa recuperados para as probas de ADN (fémur e dúas pezas molares), serán limpados cun aspirador de sólidos (non será obrigatorio). Os ósos deberán estar permanentemente protegidos da climatoloxía natural ou artificial, como é o sol directo sobre eles, a humidade excesiva, o vento azoutador e, sobre todo, a auga. Para isto último, deberase ter desde o principio da excavación, unha vez achada a fosa común, a parcelación do terreo onde se ubica, os desniveis, os recursos existentes arredor dela, como rocas, pedras, area, paso de augas, etc, para tomarán medidas de protección tanto da fosa común como das persoas que deban traballar nese sitio como, por exemplo, a utilización de toldo.

Iránse descubriendo en superficie os restos óseos, agás o cranio e os fémures, podendo traballar sobre o resto do esqueleto humano. Non se introducirá ningún obxecto polo interior de restos óseos para evitar a súa caída e sempre haberá terra debaixo deles. Previamente á extracción dos



restos óseos, realizarase un debuxo en planta para testemuñar (ademais de con fotografías e vídeo) a posición, orientación, número de individuos e calquera outra información que nos poida dar o debuxo.

No progreso da busca de restos óseos, e estando xa avanzada, **será unha soa persoa quen manipule os restos óseos (elixidos para probas biolóxicas) que se han exhumar para a realización das probas de ADN.**

Ese profesional deberá un médico licenciado ou un antropólogo forense ou de máster con experiencia suficiente. Poderá comenazar por retirar a terra do cranio ou ben do fémur, elixindo á súa disposición e albedrío. Retirárala a terra do cranio pola zona adxacente á área mandibular e, en canto sexan visibles e accesibles dúas pezas molares, extraeráas con dous dedos enguantados. Posteriormente, deixará ao descuberto un dos dous fémures, en busca do que se atope en mellor estado de conservación. En caso de que o primeiro fémur descuberto estivese en malas condicións (fracturado, erosionado ou desvitalizado), procederase a cubri-lo con papel de estraza dobre e a sacar en superficie o outro fémur, se existise. Entre os dous, optarase por recuperar o que en mellores condicións se encontre para realizar as probas de ADN.

Intentarase sempre extraer o mesmo fémur por cada resto mortal, deixando constancia nos datos, non só no exterior do papel de estraza onde irá envolto dobremente co cartón á medida que o protexerá, senón tamén no libro de "Datos obxectos asociados e materiais".



Deste xeito actuará a persoa que extraerá dúas pezas molares e un fémur completo de cada resto mortal, se é posible. Se non o fose, extraeríase un óso longo que se encontre nas mellores condicións.

Será moi importante que, mentres a mesma persoa extraia os restos óseos para a realización de probas de ADN, non haxa ninguén arredor cando menos en 2 m², feito que tampouco debe ocorrer ao descubrir os restos óseos. Unha vez finalizada a extracción, que será nun período de tempo curto, os profesionais poderán volver e seguir co seu labor de sacar en superficie os restos óseos restantes (isto farase con cada resto mortal). Así garantiremos nunha porcentaxe moi elevada a protección do ADN que conteñan. Os tres restos óseos serán limpados cunha brocha para eliminar terra ou outras materias alleas a eles. Se estivesen húmidos ou tivesen barro, deixaránse secar nun lugar cerrado onde ningunha persoa, agás a mesma que os extraeu, teña contacto con eles, usando sempre luvas de látex e máscara.

A persoa que teña que extraer as dúas pezas molares e un fémur por cada resto mortal, terá previsto con anterioridade dispoñer das bolsas de papel de estraza - craft dobres, selándoa con cinta adhesiva que non toque resto óseo e marcando a data correspondente, tal e como se comentou con anterioridade. Ademais, un cartón á medida onde irán introducidos os tres restos óseos e identificados tamén cos seus datos, igualmente que no papel de estraza, un a un. Cada paquete terá dimensións axustadas ao óso maior (fémur) e serán introducidos nunha caixa de cartón. Coa extracción de cada óso para o ADN cumprimentarase unha



ficha marcando cada un dos ósos extraídos para que non haxa posibles equivocacións.

Desde a mesma fosa común, os restos óseos sairán cara o laboratorio xenetista de probada experiencia en conseguir ADN en alta probabilidade.

Teranse dispostos con anterioridade para o seu uso pequenos paus de madeira ou similares para saber a ubicación exacta dalgún obxecto metálico que puidera quedar por descubrir en superficie ou calquera obxecto que haxa que extraer en breve.

Os obxectos e materiais que vaian saíndo á superficie deberán delimitarse o máximo posible para poder realizar debuxos e fotografías in situ e nunha ficha cun croquis para saber a súa ubicación exacta dentro da fosa xeral. Unha vez feito isto, poderán ser retirados con sumo coidado e protección para introducilos, o más rápido posible desde a súa aparición, en bolsas prefabricadas de papel de estraza ou craft. Se houbese moita humidade, intentaranse secar pola súa vía natural ou con trapos absorbentes sen danar os materiais. Catalogaranse coa Unidade Funeraria (UF) anotando: data que corresponda, nome do obxecto ou material e do individuo ao que pertencen, tanto sobre o papel onde irán introducidos como no libro de achados que contabiliza os obxectos e materiais que se van recuperando na fosa común, que dispoñerá exactamente dos mesmos datos. Quedarán a resguardo nunha caixa de cartón e non contaminante. Non se deixará xamais na fosa nin entre os restos mortais ningún obxecto que apareza, xa que podería confundirse, perderse ou estropearse nalgún momento,



polo que será catalogado e gardado inmediatamente polo director coordinador ou segundo coordinador.

O detector de metais deberá intervir cada 20 cm, polo que, unha vez retirada a terra a esa profundidade, se volverá pasar unha e outra vez. En caso de que a excavación sexa un lugar onde houbo batalla de guerra, ata descubrir en superficie o obxecto que detecte na máquina non se seguirá coa excavación, xa que podería tratarse dunha bomba de calquera tipo.

Toda a terra extraída da fosa común será purgada cunha criba, sempre fóra da fosa que se excava e despois botada sobre unha lona que protexerá o solo e á propia terra extraída pasaráselle o detector de metais cada vez que se bote unha cubeta nova purgada.

A fosa común podería atoparse nun municipio no que a chuvia é habitual ou se prevén chuvias que poderían xurdir no transcurso da excavación. Neste caso, será preciso acondicionar perfectamente a zona que se vai excavar, creando unha marxe de seguridade entre a liña que demarcará a cata e onde haberá que facer un canal de auga descendente para que poida fluír ben o líquido natural. Ademais, terase previsto un toldo, ben xeotéxtil ou doutro material que non deixe pasar a chuvia e penetrar na fosa, que se terá sempre preparado para, en caso de urxencia, proceder rapidamente á súa colocación. Tamén servirá para aplacar o sol no bo tempo e o vento ou outras situacións climatolóxicas adversas no malo.

Da mesma maneira, terase previsto outro toldo ou tea transpirable (tamén xeotéxtil ou similar, segundo precisión



e uso) para cubrir a fosa común e os restos mortais ao final de cada xornada, e outro de robustez suficiente como para conter a terra extraída durante a excavación e que deberá ser devolta ao oco que deixe a fosa exhumada. Se a excavación se leva a cabo en paraxe natural, como un campo de labor ou monte, só serán precisos os protectores da fosa común en xeral para poder traballar en boas condicións e outro para a seguridade, na medida do posible, dos restos mortais.

Sempre se realizarán fotografías e vídeos de todos os traballos e procesos, poñendo unha persoa a cargo destes medios con experiencia suficiente para garantir un bo traballo.

Unha vez finalizada a excavación, realizarase un pase de documental con todas as imaxes e outro de fotografías, podendo utilizarse, co tempo, todo este material creado en conferencias, charlas-coloquio, exposicións....

Tamén se garantirá permanentemente, por medio dun profesional en detección de metais, a recollida e documentación de todas as probas e evidencias do xenocidio que vaian aparecendo, tanto dentro como fóra da fosa común. Este profesional desenvolverá un informe extenso, tanto balístico como de materiais diversos, que se teñan atopado na parcela excavada.

A protección destes materiais é imprescindible, polo que serán conservados da mesma maneira que os restos óseos (en papel estraza) e pasarán a ser catalogados por expertos en balística e materiais sensibles de todo tipo.



Os restos mortais serán extraídos comenzando polos pés e seguindo cara o cranio e, de igual modo, protexidos por dobre papel estraza e datados, segundo se indicou con anterioridade, e introducidos nunha caixa de cartón, madeira ou outra urna a medida, non contaminante, reducindo o seu espazo ao xusto para que ningún óso xere ningún movemento que o poida crebar. Se é necesario, atacaranse os baleiros da caixa con papel triturado ou serraduras, e sempre acondicionádoa ás dimensións do contido para evitar movementos internos e, polo lo tanto, fracturas ou roturas “post mortem”.

Os restos mortais exhumados deberán ser transportados de maneira inmediata, gardando a cadea de custodia, ao laboratorio preparado con anterioridade para o seu estudo antropolóxico. Será sempre levado a cabo por un profesional médico forense antropolóxico que xa terá pactado coa asociación promotora e co director coordinador os tempos de entrega dos restos mortais para a súa dignificación e inhumación, así como o desenvolvemento do informe que como director coordinador debe realizar.

O detector de metais será pasado sempre por encima do cranio (por se houberse proxectil) e por debaixo dos ósos recuperados, do mesmo modo que ao finalizar a exhumación, e coa fosa común totalmente baleira de restos óseos e persoas, se fará unha detección pormenorizada de toda a fosa e da terra que se lle vaia engadindo en busca de posibles probas ou evidencias que puideran pasar desapercibidas.



En cada unidade estratigráfica (UE) tomaranse referencias de medidas e dos posibles achados recuperados. Do mesmo modo, ao finalizar a excavación e por cada cata realizada, realizaranse planimetrías, altimetrías, cotas e todo o necesario en medidas varias para o contido do informe sobre traballos realizados durante e ao final da excavación.

A colaboración entre a entidade promotora, o seu responsable director coordinador e o resto de profesionais deberá ser sempre activa e consciente, tomando as responsabilidades sobre a exhumación en acordo unánime por parte de todos os responsables de cada área.

O profesional que, polos motivos que fosen, decidise intervir ou actuar pola súa conta sen ter consensuado cos demais a súa iniciativa, causará motivo de expulsión inmediata da excavación e pasará a nomearse outro profesional, se isto fose viable no momento. En caso de que este fora absolutamente imprescindible para os traballos, paralizaríase a excavación ata completar o mando profesional que falta, como sería o director arqueólogo, o codirector arqueólogo e, sobre todo, o director coordinador e codirector coordinador e/ou da asociación promotora.

Entre todos os técnicos e voluntarios debe coexistir unha afable empatía compartida para o bo funcionamento de todos os traballos a realizar, polo que o director coordinador velará sempre porque esa circunstancia permaneza de tal forma ata o final da excavación en xeral, apartando, se fose preciso e por motivos de seguridade, a quen incumprise o acordo de colaboración e de non enfrontamento entre traballadores.



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email: Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

Recoméndase como uso extraordinario, se non se fixo con anterioridade, visitar os arquivos históricos que houberse no lugar onde se produce a excavación, ben sexan de Concellos, Deputacións ou Igrexa (parroquias, bispados ou referentes destes).

Toda a información que apareza deberá ser sometida a un estudo rigoroso, pertencenza ou non aos desaparecidos buscados no lugar da excavación¹¹.

¹¹ .-Toda información que se descobre durante unha investigación de calquera arquivo soe ser interesante e pode conducir a novos achados de desaparecidos, novas pistas sobre represaliados, documentos da época inéditos... Todos os achados deberán poñerse en coñecemento público por medio de informes e fotografías, e tamén deberán ser entregados ao Patrimonio ou consellería que corresponda para o seu arquivo ou investigación en maior profundidade, así como poñelos en coñecemento da/do responsable da secretaría ou alcaldía do lugar, xa que na maioría dos casos descoñecen o material existente nas súas dependencias.



6º.- VOLUNTARIADO

Son numerosas as persoas que queren e deben confluír nunha excavación de maneira voluntaria.

a.-Existen varios tipos de voluntariado, como é o de profesionais licenciados que pretenden incrementar o seu Curriculum Vitae e participan activamente nalgunha excavación e nunha profesión determinada.

b.-Estudantes e licenciados sen ningunha experiencia nas diferentes licenciaturas que son requeridas nunha excavación, tal é o seu desexo de aprendizaxe de calquera dos traballos que se desenvolven antes, durante e despois dunha excavación arqueolóxica de fosas comúns da guerra civil española e posguerra.

c.-Experiencia acumulativa para o seu Curriculum de profesionais que nada teñen que ver coas excavacións de fosas comúns da guerra civil española e posguerra, pero a quen lles resultan útiles as aprendizaxes para futuros traballos que desenvolverán nos seus ámbitos de traballo, como serían: garda civís, policía en xeral, inspectores, bombeiros, axentes xurados, xuíces, funcionarios...

d.-Os voluntarios sen profesionalización universitaria son moi tidos en conta e valorados, xa que desenvolven o traballo máis duro da excavación. Entre eles, poderemos atopar persoas de todas as idades, profesións e culturas en xeral, sendo sempre a sensibilidade e o respecto o que os leva a participar intensamente nos traballos, aportando os seus coñecementos sobre ferramentas e utensilios alleos á propia excavación. Son totalmente imprescindibles para o bo desenvolvemento do traballo.



e.-Voluntariado experimental. Estas persoas adoitan percorrer miles de quilómetros só por ter a experiencia de saber que se sente ao recuperar os restos mortais doutro ser humano que o foi. Sóeselles permitir a súa asistencia moi controlada. Outros, sen embargo, aportan experiencia ás exhumacións debido a que os seus coñecementos nelas están máis que probados por todo o mundo, e moi especialmente en países onde existen ou existiron fosas comúns en gran cantidade, como Argentina, Bosnia, Perú, Ecuador, Uruguay, Guatemala, etc...

Profesións que deben participar voluntariamente nunha excavación -manifestadas en masculino, inda que deban entenderse tamén os femininos correspondentes- son: arqueólogo, arqueólogo auxiliar (debido á súa experiencia no campo sen titulación máxima), médico forense, médico, antropólogo, médico forense antropólogo, antropólogo de máster, xeólogo (moi importante nun futuro inmediato), restaurador, biólogo, físico, biólogo físico, matemático, técnico especializado en xeofísica, técnico especializado en detección de metais, técnico especialista en exhumacións (coñece en parte todas as profesións que interveñen directamente), garda civil, policía en xeral, inspector, bombeiro, axente xurado, xuíz, debuxante, fotógrafo, cámara de gravación de vídeo, paleontólogo, etc...

O voluntariado e as excavacións en xeral deben progresar substancialmente cada vez máis. Non debería pasar un trimestre de ningún ano sen que algún profesional das mesmas emita proposicións de mellora para elas.

O voluntariado debe estar controlado polo director coordinador e/ou o director arqueólogo, que dará as instrucións precisas a cada un dos voluntarios con charlas e comentarios antes do comezo dos traballos, durante eles e ao finalizaren, se fose preciso.



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email. Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

Calquera acto que sexa interpretado como prexudicial para a excavación efectuado por calquera dos directores debatirase e tomarase sobre el a decisión precisa, desde unha amonestación ata a expulsión do traballo, tanto para voluntarios como para profesionais.



7º.- ESTUDO ANTROPOLÓXICO EN LABORATORIO FORENSE

Recoméndase, se é posible, que este estudo sexa realizado por un profesional médico forense antropólogo¹². Para facelo, os restos óseos serán lavados e expostos na súa anatomía para o seu estudo antropométrico. Hai que avaliar a idade ca vítima tiña no momento da morte, mediante estudos radiográficos co uso tamén da osteoloxía (análises osteométricos), para o que se terán en conta a accións dos depredadores (animais), a posible exposición ao lume, a mutilación ou fragmentación dos ósos por calquera accidente e torturas ou outras accións criminais na violencia sufrida polos represaliados ou morte en batalla de soldados.

Tamén se ten en conta, entre outros aspectos, a afinidade biolóxica (raza) e o cronotanodiagnóstico, entre outras moitas máis medicións e decisións de laboratorio.

Ao especialista forense antropólogo¹³, por parte da asociación promotora e/ou o seu director coordinador, entregaránselle fotografías e vídeos, así como as fichas mortuorias, para que coñeza perfectamente a disposición dos restos mortais no interior da fosa común e as posibles fracturas, alteracións, anomalías e incidencias que puidesen ter os ósos antes seren exhumados.

¹².- Nunha das súas especialidades, como a Antropoloxía Física, por exemplo.

¹³.- A Medicina Forense Antropolóxica encárgase da identificación de restos humanos esqueletizados nos que buscarán as causas da morte para tratar de reconstruír a mecánica de feitos relacionados coa vítima, como poden ser: idade, sexo, fracturas, enfermidades..., así como evidencias e indicios deixados no lugar dos feitos, e o tratamento estudo "ante-mortem", "peri-mortem" e "pos-mortem" dado á vítima.



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email. Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

Con todos os datos, o profesional médico levará a cabo un minucioso informe, con fotografías variadas incluídas, sobre as causas da morte, o sexo, a idade e outros datos relevantes que sirvan para os arquivos históricos das asociacións, administracións, Estatais e socias en xeral, xa que todos os datos deberán ser publicados e entregados de maneira gratuíta a quen os solicite (investigadores, universidades, estudantes, profesionais, particulares, etc.)

Os restos mortais, agás que haxa cambio de laboratorio (que é pouco recomendable), permanecerán nel ata a saída para a súa dignificación e inhumación, salvo que os familiares soliciten expresamente os restos mortais ou óseos para a súa exhumación particular.



8º.- PROBAS DE ADN EN LABORATORIO FORENSE XENETISTA

O do laboratorio xenetista é o máis importante de todos os traballos que se desenvolven, xa que, sen o seu ADN, os restos mortais exhumados quedan orfos e desamparados unha vez máis. Polo tanto, será preciso ter en conta, á hora de elixir un laboratorio profesional e experimentado, os "positivos" que conseguen en porcentaxe de probas de ADN con restos moi degradados e de difícil actuación sobre eles.

Tal e como xa se deixa tratado con anterioridade neste manual, os restos óseos que se levarán ao laboratorio xenetista serán dúas pezas molares e un fémur completo. Serán entregados ao laboratorio, segundo se indica no apartado EXHUMACIÓN. Non se debe introducir ningún resto óseo, e moito menos dividido ou cortado, en ningún recipiente contaminante, como o plástico e os seus derivados. Debe dispoñerse dunha gran cantidade de óso (fémur a ser posible, se non será preciso un óso longo), para que, no caso de dar como fallidas varias probas de ADN, se poida dispoñer de máis restos óseos para seguir cos ensaios ata conseguir un resultado positivo.

Por esta razón, recomendamos optar por un laboratorio apropiado, serio e profesional, que saiba manipular restos óseos de máis de 70 anos, que posúa a experiencia suficiente e que teña garantido no seu curriculum profesional a obtención de ADN, con anterioridade, nunha elevada porcentaxe de casos.

Os tres restos que serán levados ao laboratorio, sairán da mesma fosa común en cadea de custodia para o laboratorio xenetista.



A asociación promotora creará co laboratorio un convenio de colaboración no que se especifique, de maneira clara, que os resultados das probas lle serán entregados para a súa publicación. Tamén se especificará que o laboratorio será o encargado de gardar a documentación orixinal para poder realizar comparativas de posibles familiares novos, no presente ou no futuro, e que, salvo os restos mortais que dispoñan de familiares que decidan recollelos unha vez realizadas as probas de ADN.

Inda que é posible o uso de ADN nuclear en identificación biolóxica, o ADN mitocondrial (ADN mt) é, polas súas características, moi útil neste proceso cando se teñen que realizar a partir de mostras (esqueléticas humanas) antigas, escasas ou degradadas. O ADN mt encóntrase -en múltiples copias- nas mitocondrias (orgánulos intracelulares) de todos os nosos tecidos. Hérdase practicamente na súa totalidade por liña materna (os espermatozoides do pai só aportan ocasionalmente mitocondrias ao futuro embrión).

Posúe rexións hipervariables de fundamental valor na identificación.

Para o seu correcto procesado é estrictamente necesario evitar a contaminación dos restos que se teñen que estudar¹⁴.

¹⁴.-Artigo proporcionado pola Dra. Ángela Piñeiro Acción, Médica Especialista en Medicina Familiar e Comunitaria, Especialista en Xeriatria e Urxencias. Está relacionado co seu traballo e colaboración co *Instituto de Ciencias Forenses, Xenética Forense*, da Universidade de Santiago de Compostela.



9º.- DIGNIFICACIÓN E INHUMACIÓN DOS RESTOS MORTAIS

A importancia de pactar cos laboratorios, tanto de estudo Médico Forense Antropolóxico como de Ciencias Forenses Xenética Forense, resulta de vital importancia para calcular o tempo de entrega de todos os resultados obtidos e así para podernos acceder ao seguinte paso, que é a dignificación e a inhumación dos restos mortais exhumados.

Se xa se prevé con anterioridade que o tempo que transcorra ata alcanzar os resultados finais vai ser longo, ben pola cantidade de traballo ao seren moitos os restos óseos ou por calquera outro motivo, haberá que entregar unha cantidade económica acordada cos laboratorios para que eles garden en cadea custodia os restos mortais ata poder acadar axudas que permitan realizar os estudos e as probas pertinentes.

Entre tanto, poderíase ir dispoñendo co propietario do cemiterio do lugar de onde se exhumaron, nichos ou pequenas parcelas para a súa inhumación. É lóxico que os concellos que son propietarios dos cemiterios e os bispados fagan cesións, tanto de terra como de nichos para estes fins. En caso contrario, haberá que proceder á súa compra.

Unha vez que se teñan todos os resultados dos estudos médico-forense-antropolóxicos e análises de xenética forense, faranse públicos¹⁵.

¹⁵.- Serán públicos nas webs e bancos de ADN da asociación promotora, entidade, do Estado e/ou outras asociacións, e nun formato comercial simple. Na memoria final, que a entidade promotora deberá realizar obrigatoriamente de todos os traballos levados a cabo antes, durante e despois da exhumación, unha vez lle sexan entregados puntualmente por todos os directores que participaron na excavación. Deben ir engadidas todas as peculiaridades, como incidencias, catas realizadas, fotografías, vídeos, catalogación de obxectos asociados e materiais en xeral, e o libro memoria resultado do mencionado informe, con fotografías incluídas.



A dignificación dos restos mortais ou óseos recuperados, debería facerse o mesmo día en que se realiza a inhumación.

Para iso, é conveniente levar a cabo todos os actos co máximo respecto e sensibilidade, falar e saudar os familiares e confraternizar cos asistentes.

Realizaranse lecturas de poesía e permitirase que se expresen os familiares que o desexen así como as autoridades, se algunha está presente. Amenizarase con música (a ser posible tradicional da terra á que corresponda) ou no seu defecto, con intervencións apropiadas. Todo dependerá do presuposto dispoñible, xa que haberá que alugar altofalantes, trípodes, atrís, micrófonos sen cable, tendas de protección... Tamén, comprar flores, coroas, asentos, mesas, etc. Por suposto, todo isto terase disposto con anterioridade, así como as caixas mortuorias para introducir os restos óseos.

Os emblemas, símbolos, bandeiras, etc. serán os que pacten os familiares coa promotora da excavación, pero en ningún caso poderá haber simboloxía anticonstitucional ou fascista, que atentaría contra o artigo nº13 da Ley de 26 de decembro de 2007.

A inhumación levarase a cabo sen liturxia relixiosa (se algún familiar a desexa, deberá facela en privado), ya que a Constitución española é clara na afirmación da súa laicidade. Isto non exclúe que participen os párrocos D. Alfonso Blanco Torrado e D. Manuel Vázquez Ares en lugares sitios en Galicia, como Vilarraso e San Vicente de Fervenzas (A Coruña), e Santa Mariña de Lagostelle (Lugo) cuxos párrocos actúan a título persoal como colaboradores da ARDF DESAPARECIDOS e non como representantes da igrexa.



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email. Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

As lecturas, a poesía, a música e a danza (se a houbera) irán intercalándose durante os actos, segundo un protocolo creado con anterioridade para seguir a orde das intervencións e o control do tempo. Todo isto estará a cargo da promotora por medio do designado como director coordinador.

En caso de seren soldados sen familiares, no momento da dignificación e inhumación seguiranse todos os pasos descritos anteriormente, pero engadirase, (se fosen republicanos) a presenza de bandeiras republicanas que cubran as mesas onde estarán durante toda a cerimonia os restos mortais nas respectivas caixas, que levarán encima flores encarnadas, amarelas e moradas ou lila.

Disporase dunha xardineira ampla e chea de terra no mausoleo ou nicho/s. Ao final dos actos, as persoas asistentes ao cementerio recollerán unha flor das que se colocaron sobre os restos mortais e trasladaranas a ese maceteiro formando a bandeira republicana coas súas cores.

Os familiares terán prioridade absoluta nestes actos.

Sería conveniente a presenza de psicólogo e/ou médico, así como un bo avituallamento de auga.

Unha vez acabado acto final, agradecerase a colaboración a todos os asistentes.



10º.- INFORME MEMORIA FINAL A CARGO DO DIRECTOR COORDINADOR

Este documento será o de máis valor, xa que unificará o de todos os directores e/ou profesionais que estiveron a cargo dalgunha das responsabilidades delegadas pola promotora a través do seu director coordinador, polo que será el quen faga, en última instancia, o informe memoria final, independentemente de que o arqueólogo ou outro profesional estea obrigado a entregar o seu persoalmente a calquera estamento que llo requira, ben por permisos concedidos ou ben por responsabilidade adquirida con anterioridade.

Dito informe entregárase aos distintos Patrimonios Culturais, Consellerías (concellerías, consellerías, etc., segundo o idioma da Comunidade), Administración Central, Ministerio¹⁶, e farase público por todos os medios que se desexe, pero cando menos polos mencionados con anterioridade e polos recursos de que dispoña cada Asociación ou Entidade.

Os traballos relativos a fosas comúns que sexan só de publicación deberán ser tratados de forma moi distinta e fóra do contexto deste manual.

Os traballos de estudo, investigación e/ou outros só de texto independentes dalgunha excavación, serán tidos en conta nun apartado diferente e de catalogación, como uso público de consulta ou relación de busca sobre fosas comúns, represaliados, soldados falecidos en batalla ou familiares seus.



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email. Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

O informe final detallará con fotografía e vídeo¹⁶, ademais dos aportados polos profesionais con responsabilidade directa, o contido de todos os outros informes do proceso. Estarán detallados os participantes e colaboradores da excavación, as incidencias, as catas realizadas marcando a súa UE ao final; as visitas de xornalistas e os textos de prensa (notas, artigos, comentarios, etc.); as entrevistas a familiares, personalidades e políticos; as probas e evidencias encontradas; os planos dos achados mencionados e os mapas de posición; o estudo sobre posible fusilamento, se o houbo no lugar, e as fichas forenses antropolóxicas, etc.

¹⁶.-Deberá crearse un departamento ministerial ou dependente do que se nomee, onde estean a disposición pública todos os traballos desenvolto nas excavacións en xeral, con achado de restos mortais, óseos ou sen eles.

¹⁷.-Adxuntos á entrega do informe memoria final irán os vídeos grabados en formato dixital DVD ou similar sobre todos os traballos realizados.



11º.- LIBRO E PUBLICACIÓN DE TODOS OS TRABALLOS

A publicación de todos os traballos será obrigada en todos os casos por medio da web, blog ou calquera medio compartido entre todas as asociacións que así se requiran, e tamén no Ministerio da Presidencia, Patrimonios Culturais, Consellerías (concellerías, consellerías, etc, segundo a comunidade e o idioma que lle corresponda), Administración Central e varios Ministerios.

A creación dun libro, que pode estar baseado por enteiro no traballo desenvolto que consta no Informe Memoria Final, debería ser publicado en papel ou edición dixitalizada para o seu coñecemento xeral. Se estivese subvencionado, entregaríase unha copia a cada familiar, entidade e colaboradores na medida das posibilidades existentes. O libro reflexaría toda a historia distribuída por capítulos.

Desde as investigacións anteriores á excavación ata a dignificación e inhumación, todo se verá reflectido na publicación do informe ou do libro, sen omitir nin as axudas recibidas nin as negativas de todas aquelas persoas que se teñan manifestado en tal sentido durante todo o proceso en calquera dos traballos realizados.



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email: Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

12º.- DOCUMENTAL DE VÍDEO E FOTOGRÁFICO

Ao final de cada traballo de excavación, realizarase unha película documental de vídeo para facela visible nas redes sociais, libre de cargos, que cumpra todos os requerimentos legais vixentes.

Tamén se creará un informe - libro, con fotografías incluídas, de todos os traballos realizados, no que irá detallado o seu historial desde as incidencias durante o proceso de excavación ata a culminación de todos eles.

É moi importante deixar constancia pública do que xurda nas excavacións para que quede testemuño dos feitos e, polo tanto, da experiencia e a aprendizaxe útiles para outras promotoras, profesionais e administracións en xeral.



13º.- CREACIÓN DUN INFORME MEMORIA FINAL - LIBRO

Indicacións para a creación do informe-libro.

A portada e a contraportada levarán un título a primeira e un comentario simple a segunda. Será necesario deixar as tres primeiras follas completas en branco. Na primera delas irá, cando lle sexa atribuído con posterioridade o ISBN, os datos do autor e todos os créditos. Na cuarta páxina colocarse o prólogo, que conterà manifestos e comentarios sobre o libro e/ou a excavación, a cargo dos autores ou convidados a escribilo. A continuación, irá o ÍNDICE. A partir del será cando se comecen a numerar as páxinas para que queden reflectidas no volume.

Queda aquí a modo de exemplo:

ÍNDICE

Prólogo	páx.00
Capítulo 01 A GUERRA CIVIL ESPAÑOLA	páx.03
Capítulo 02 CHEGADA DE SOLDADOS	páx.05
Capítulo 03 A TOMA DA ERMIDA	páx.07
Capítulo 04 INVESTIGACIÓN E TESTEMUÑOS	páx.09
Capítulo 05 FOSA COMÚN DUN SOLDADO	páx.19
Capítulo 06 PROSPECCIONS	páx.20
Capítulo 07 INFORME BALÍSTICO	páx.22
Capítulo 08 EXECUCIÓN DE NORMATIVAS	páx.28
Capítulo 09 ACTUACIONES REALIZADAS	páx.30
Capítulo 10 COMEZO DA EXHUMACIÓN	páx.34
Capítulo 11 INFORME BALÍSTICO DA EXCAVACIÓN	páx.37
Capítulo 12 TOMA DE MOSTRAS BIOLÓXICAS PARA ESTUDO DE ADN	páx.39
Capítulo 13 ANEXO BALÍSTICO	páx.40
Capítulo 14 INVENTARIO DE MATERIAL	páx.42



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email: Ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

Capítulo 15 INVESTIGACIÓN NO ARCHIVO MUNICIPAL
pág.44

Capítulo 16 INHUMACIÓN DE RESTOS MORTAIS

pág.47

Capítulo 17 ARTIGOS DE PRENSA

pág.49

Capítulo 18 QUEN E PARA QUE CREARON UNHA
GUERRA CIVIL

pág.52

Capítulo 19 COLABORADORES

pág.54

Capítulo 20 FICHAS AUTORI. EXHUMACIÓNS

pág.56

Capítulo 21 BIBLIOGRAFÍA

pág.58



14º.- CONTIDO QUE DEBEN TER OS DOCUMENTOS OU FORMULARIOS E ANEXOS QUE SE APORTEN

1ª.- Neste apartado irá o nome da entidade que solicita o traballo arqueolóxico co seu CIF, un enderezo postal, o nome e apelidos do representante, teléfono, correo electrónico e web ou similar, se o tivese. Noutra liña máis abaixo irá "a quen" vai dirixida a solicitude, que incluíra o enderezo de "onde debe enviarse".

2ª.- No segundo, o nome do proxecto e debaixo del as referencias á promotora, aos directores coordinadores e aos directores arqueólogos.

3ª.- Índice, no que quedarán reflectidas as páxinas que pertencen a cada detalle do informe.

4ª.- Na introducción irán todos os datos persoais dos solicitantes do permiso da excavación ou de calquera outro (DNI, teléfonos, enderezo, etc.)

5ª.- Obxectivo. Neste apartado argumentaranse os detalles polos que se solicita o permiso, alegando que se lles comunicará, con tempo de antelación do inicio, a información sobre os traballos aos propietarios dos terreos, patrimonio, consellería, etc.

6ª.- Metodoloxía. Aquí explicaranse os métodos que se van usar durante os traballos.

7ª.- Dignificación e inhumación dos restos mortais exhumados. Daranse os detalles de como se realizarán estes labores. Deixarase claro que os restos mortais non reclamados polos seus familiares serán inhumados no



cemiterio do lugar ao que pertence a excavación, onde se prepararán nichos ou parcelas de terra para a súa inhumación con anterioridade suficiente e tras da exhumación dos restos mortais.

8ª.- Duración dos traballos. Comentarase o tempo que aproximadamente poderían durar os traballos.

9ª.- Denominación do Equipo que participará en todos os labores.

10ª.- Material que aporta a entidade aos traballos.

11ª.- Catalogación e limpeza de materiais e obxectos atopados durante a excavación e quen realiza o labor.

12ª.- Coordenadas de localización UTM. Entreganse os datos da posible ubicación da fosa/s común/s por medio de GPS e coordenadas, principalmente UTM, podendo cumprimentar con máis datos outras de diferente medida que sexan válidas.

13ª.- Delimitación e excavación. Explicación simple de como se realizara o comezo da excavación e a súa finalización, sobre a cata realizada ou a propia fosa común.

14ª.- Documentación gráfica. Constará por escrito que todos os procesos quedarán rexistrados por medio de fotografías e vídeos para o seu testemuño e seguintes publicacións.

15ª.- Exhumación dos restos mortais ou óseos e recuperación dun fémur e dous molares por cada individuo, se fose posible. Explicación determinada e obrigada,



implícito no formulario, de que será unha soa persoa quen recolla un fémur e dúas pezas molares, que os envolverá en papel de estraza e posteriormente en cartón a medida para o seu envío desde a propia fosa ata o laboratorio onde se lles practicarán as probas de ADN.

16ª.- Estudio dos restos mortais ou óseos. Descripción de quen e onde se realizarán os estudos forenses antropolóxicos sobre os restos exhumados.

17ª.- Identificación dos restos mortais - ADN. Denominación de quen levarán a cabo o estudo analítico do ADN dos recuperados e onde se levará a cabo.

18ª.- Traslado e depósito dos restos mortais e/ou óseos. Especificarase o lugar onde serán levados os restos mortais para o seu estudo forense antropolóxico e quen realizará eses estudos. Debe quedar claro que os restos mortais ou óseos serán envoltos tras da súa saída da terra en papel de estraza (craft) e depositados en caixas de cartón para o seu traslado.

19ª.- Seguridade e protección. Mencionarase a protección sobre o lugar de excavación, a propia fosa común e o lugar en concreto onde os traballadores desenvolverán os seus labores. Todas as persoas que participen na exhumación levarán luvas de látex, máscaras e, se fose preciso, traxes protectores corporais completos, pés incluídos.

20ª.- Cartografía e mapas de localización da/s posible/s fosa/s común/s a diferentes escalas ben localizadas.

21ª.- Testemuñas e testemuños. Se fose posible, adxuntarase copias simples de comentarios de persoas



que foran testigos ou teñan testemuño dos feitos acontecidos sobre a historia e/ou o enterramento, e posibles causas das mortes (polo xeral, as asociacións memorialistas, Concellos e políticos progresistas soen ter algunha información, incluso escrita).

22ª.-Fotografía bibliográfica. Aportaranse, se se teñen, fotografías das entrevistas realizadas a testigos e testemuñas, e documentos investigados.

23ª.-Bibliografía e enlaces breves onde se poderá especificar en que publicacións se baseou o informe de solicitude de prospección e/ou exhumación.

24ª.-Direccións e sinaturas. Neste apartado e final do informe, en primeiro lugar quedará reflectida a súa data de creación. Irán os datos da entidade promotora completos, os nomes e apelidos dos directores coordinadores e os dos directores arqueólogos. Ao finalizar a páxina, poñerase a sinatura de cada unha destas persoas.



15º.- ANEXOS VARIOS

ANEXO 1: REFERENCIAS E ARTICULADO Á LICENCIATURA EN ARQUEOLOXÍA:

TEORÍA ARQUEOLÓXICA: MÁ S ALÁ DA PA E DO PINCEL

A miña intención con este artigo é facer comprender que a Arqueoloxía non é unicamente esa profesión bonita e romántica que estuda e indaga no pasado.

*A Arqueoloxía é dura, xa non só polo esforzo físico que supón excavar, limpar, estudar e catalogar todo o que a excavación nos dá desde a má s leve pedra, pedazo de óso ou de cerámica, senón tamén o estudo da estratigrafía e incluso do que non se encontra, que tamén é información moi relevante, senón porque seguimos unhas ideas e unhas formas de entender e interpretar a Historia que **non sempre poden ser as mesmas que as doutros** colegas.*

*E para levar a cabo todos estes procesos é necesario estudar e coñecer as teorías arqueolóxicas que se viñeron escribindo e as que se escriben na actualidade, xa que esta ciencia non debe quedar fosilizada no tempo como o seu obxecto de estudo. Citando a **M. Johnson**, son moi esclarecedoras e ilustrativas estas palabras:*

“O que nos fai arqueólogos, nas antípodas de simples recolectores de trastes vellos, é o conxunto de regras que usamos para transformar os feitos en relatos coherentes sobre o pasado; relatos que, para nosoutros os arqueólogos, “teñen sentido” e que (esperamos) tamén o teñan para a xente en xeral. E tales regras, sexan implícitas ou explícitas, son de natureza teórica. Os feitos son importantes; sen embargo, sen teoría, os feitos permanecen completamente mudos.”

*A Nova Arqueoloxía naceu entre as décadas dos anos **60 e 70 do século XX** e foi unha corrente de pensamento que influíu considerablemente na Arqueoloxía anglo-americana. Os arqueólogos atopábanse insatisfeitos co tipo de Arqueoloxía que se facía no pasado*



e a insatisfacción acabou cristalizando nesta nova corrente intelectual. A frase que pode describir mellor esta situación sería “debemos ser máis científicos e máis antropolóxicos”. Foi por isto polo que comenzou unha revolución que chegou ata nós e segue avanzando.

*A **Nova Arqueoloxía** caracterizouse por seis puntos clave. O primeiro foi a énfase que se puxo na **evolución cultural**. Esta visión contrapoñíase ao “punto de vista acuático”, no que as ondas de evolución cultural se estendían polo mapa. Neste caso, cada sociedade evoluciona interiormente sen ter que ser influenciada por nada ou por ninguén e os arqueólogos estudaban a súa “traxectoria cultural” (termo moi usado nos escritos destes autores).*

*O segundo punto é a **teoría dos sistemas**, é dicir, a Nova Arqueoloxía entende o comportamento das sociedades humanas como un gran sistema cultural no que operaban numerosos subsistemas como o económico, o político ou o ideolóxico, entre outros, e dentro deles numerosos subapartados. A Nova Arqueoloxía traballa desde unha perspectiva exclusivamente darwinista, polo que a Cultura é un medio extrasomático de adaptación ao entorno.*

*En terceiro lugar, a **cultura é adaptativa**. Para o arqueólogo K. Flannery non se trataba de observar os obxectos e aprender cousas a través deles sobre as culturas humanas, senón de reconstruír un sistema ecolóxico completo que había detrás, tanto da persoa como do obxecto. As novas actitudes con relación á teoría avanzaron conxuntamente coas novas técnicas científicas, como a arqueobotánica, a datación por C14, a dendrocronoloxía, etc.*

*En cuarto lugar, insistiuse no **enfoque científico**, polo que a contrastación científica das hipóteses pasou a ser a medida por excelencia no progreso da Arqueoloxía.*

*O quinto é a insistencia no **proceso cultural**. Isto implica que hai que ser explicativos máis que descritivos; que hai que preguntarse o por que en lugar de só o cando; que hai que indagar nos procesos fundamentais. Por exemplo, máis que estudar a decoración dunha cerámica, hai que ver que contiña e para que era usada.*



*E por último, fronte ao fin da exhaustiva excavación en sitios de renome e onde se sabía que podía haber obxectos bonitos, a Nova Arqueoloxía entende que é **necesario excavallo todo** e que iso nos proporcionará unha comprensión maior das culturas excavadas.*

*Estes poderíamos dicir que son os puntos clave da Nova Arqueoloxía, pero dentro dela, os autores fóronse catalogando segundo os seus intereses, tanto intelectuais como ideolóxicos, polo que xurdiron “Arqueoloxías específicas” como o **evolucionismo** ou o **marxismo**, segundo as súas ideoloxías, e a “Arqueoloxía da morte”, a “Arqueoloxía de xénero”, a “Arqueoloxía espacial”, etc., segundo a súa materia de estudo. Recalco, unha vez máis, que esta é unha idea moi resumida e simplificada do que a Nova Arqueoloxía foi e supuxo no ámbito teórico do mundo arqueolóxico.*

*Pero, como sucede con todo, co paso do tempo a Nova Arqueoloxía deixou de ser “nova” e empezou a xurdir outra “nova arqueoloxía” denominada “Arqueología Posprocesual” nos **anos 80**.*

Igual que a anterior, a Arqueoloxía Posprocesual agrupou un gran número de intelectuais con pensamentos moi diferentes pero con intereses comúns.

Certamente, moitos dos arqueólogos relacionados con esta etiqueta prefiren o termo “arqueoloxías interpretativas”, que inclúe unha énfase na idea de diversidade.

*Probablemente, axiña se empezarán a crear novos libros e manuais que inclúan unha “nova” Arqueoloxía, que **cos anos estará obsoleta**. E, ao contrario do que poida parecer, todo isto é bo xa que **implica que a Arqueoloxía nunca quedará estancada**, senón que medra, se renova ou volve recoller ideas “antigas” que se desempoan e encaixan mellor agora que antes.*

*Inda que os arqueólogos estudemos o pasado, o **más antigo**, do que quedan unicamente **restos, cascallo, ruínas ou incluso po**, o **máis vivo que hai neste momento é a Arqueoloxía**.*



ANEXO 2: COLABORACIÓN E AXUDAS ECONÓMICAS ADMINISTRATIVAS

Todos os traballos serán subvencionados pola Administración. Ningún traballo irá por separado, é dicir, desde a investigación ou a mesma exhumación, contarán coas axudas económicas suficientes para realizar todo o proceso coas garantías requiridas, sen abandonar nin deixar no tempo uns traballos como a propia excavación e afastar no tempo, ou aprazar, outros traballos pertencentes ao mesmo proxecto, como poderían ser o estudo antropolóxico, probas de ADN, dignificación e inhumación, etc.

Outras entidades ou promocións privadas poderán subvencionar ou axudar economicamente a calquera outros traballos que se han levar a cabo desde a investigación, pasando polos restantes, ata a edición e publicación dos traballos.



ANEXO 3: CERTIFICADOS OFICIOSOS DE PARTICIPACIÓN A TODOS OS COMPOÑENTES DO EQUIPO, INCLUÍDOS OS VOLUNTARIOS

Serán entregados todos aqueles certificados e escritos de proba de boa fe e participación en calquera dos traballos que se desenvolvan antes, durante e despois das exhumacións a todos os participantes e colaboradores.

Estes certificados serán responsabilidade da promotora e, polo tanto, emitiranse no seu nome e no do director coordinador responsable de todos os traballadores que participasen nalgún dos procesos que se executaron. Serán os responsables quen entreguen os certificados co seu nome, a firma e o selo legal que corresponda, entregando así amparo lexítimo onde corresponda e para os seus currículums persoais.



15º.- REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

BENECH, C. 2000 Interprétation conjointe de cartographies magnétiques et électromagnétiques des propriétés magnétiques des sols anthropisés. Tese doctoral. Universidade de París VI.

BOSSUET, G., C. CAMERLYNCK, C. BREHONNET y C. PETIT 2001 «Magnetic prospecting of diachronic structures (antiquity to first world war) on the site of the Sanctuary of Ribemont-sur-Ancre (Somme, France)». *Archaeological Prospection* 8: 67-77.

CHIANESE, D., M. D'EMILIO, S. DI SALVIA, V. LAPENNA, M. RAGOSTA y E. RIZZO 2004 «Magnetic mapping, ground penetrating radar surveys and magnetic susceptibility measurements for the study of the archaeological site of Serra di Vaglio (southern Italy)». *Journal of Archaeological Science* 31: 633-643.

CHÁVEZ, R.E., M.E. CÁMARA, A. TEJERO, L. BARBA y L. MANZANILLA 2001: «Site characterization by geophysical methods in the archaeological zone of Alexis Mojica et al. Resultados das prospeccions magnética y eléctrica.

CIMINALE, M. y M. LODDO 2001 «Aspects of magnetic data processing». *Archaeological Prospection* 8: 239-246.

CONYERS, L. 1995 «The use of ground-penetrating radar to map the buried structures and landscape of the Ceren site, El Salvador». *Geoarchaeology* 10: 275-299.

DABAS, M. 1989 Comportement magnétique des sols dans le domaine fréquentiel et temporel (VRM). Application à la prospection des sites archéologiques. Tese doctoral. Universidade de París VI.



Domingo, I., Burke, H. y Smith, C. (2007). Manual de campo del arqueólogo, Barcelona: Ediciones Akal. ISBN 978-84-344-5231-2.

Carcas, S. e Piñeiro, A. 2012 - Exhumaciones de la guerra civil española y posguerra en la villa de Olba - Teruel Primavera del 2012 - Editorial Osiris 2012.

Fernández Martínez, V.M. Una arqueología crítica: Ciencia, ética y política en la construcción del pasado, Barcelona: Ediciones Crítica.

Gamble, C. (2002). Arqueología Básica. Barcelona: Ediciones Ariel. ISBN 978-84-344-6679-1

Hortolà, P. (1998). Datación por racemización de aminoácidos: Principios, técnicas y aplicaciones, Barcelona: EUB. ISBN 84-8338-011-0

Johnson, M. (2000). Teoría Arqueológica. Barcelona: Ediciones Ariel. ISBN 84-344-6623-6

Bass, W. M: "Human Osteology, a laboratory and field manual"; Missouri Archaeological Society, 1987.

Botella, M. C. et al: "Los huesos humanos. Alteraciones y manipulaciones", Ed. Bellaterra, 2000

Brothwell, D. R: "Desenterrando huesos. La excavación, tratamiento y estudios de los restos del esqueleto humano", Fondo de Cultura Económica, 1987

Carandini, A.: "Historias en la tierra. Manual de excavación arqueológica", Edit. Crítica, 1997

Ramey Burns, K.: "Manual de Antropología Forense", Edit. Bellaterra, 2008



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email: ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

Renfrew, C. y Bahn, P.: “Arqueología. Teoría, Método y práctica”, Edit. Akal, 1998.

Reverte Coma, J. M.: “Antropología Forense”, 2ª Edición, Centro de Publicaciones del Ministerio de Justicia, Madrid, 1999.

Piñeiro, Á. y Carcas, S.: Cartuchería usada durante la guerra civil española y posguerra. Osiris 2012. Pruebas y evidencias de un genocidio.

Roskams, S.: “Teoría y Práctica de la excavación arqueológica”, Edit. Crítica, Barcelona, 2003.

Ubelaker, D. H.: “Enterramientos humanos. Excavación, análisis, interpretación”, Munibe Suplemento nº 24, Gehigarria, 2008.

Artigos:

Brito-Schimmel, P. e Carreras, C.: “Aplicación de Métodos Geofísicos en Arqueología: una recopilación sobre el actual estado de la cuestión en España”, Scientific Heritage, 2005

Gassiot Ballbé, E.: “Arqueología de un silencio. Arqueología Forense de la Guerra Civil y del Franquismo”, Departament de Prehistoria. Universitat Autònoma de Barcelona, 2008.

Gassiot Ballbé, E.: “Arqueología Forense de la Guerra Civil. Justicia y memoria de la represión fascista”, Mientras Tanto, nº 97, 2005

Hum Evol 1990; 5(3):227-238. Brothwell DR. Desenterrando huesos. La excavación, tratamiento y estudio de los restos del esqueleto humano. Madrid, Fondo de Cultura Económica, 1993.



Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo
ARDF DESAPARECIDOS - CIF: G99307779
Tf: 605877931 - 633138068 - 630251800

Email. ardf.desaparecidos@gmail.com - Web: ardfdesaparecidos.com

Asociación por la Recuperación de los Desaparecidos en el Franquismo ARDF DESAPARECIDOS

Secretaria Xeral: Ángela Piñeiro Acción

Presidente: Santiago Carcas Cuartero

Web: ardfdesaparecidos.com

E-mail: ardf.desaparecidos@gmail.com

Tlfn: 605 87 79 31 - 633 13 80 68

CIF: G99307977

DELEGACIONES OFICIAIS.

Comunidade Galega - A Coruña

Comunitat Valenciana - Castellón

Comunidad Aragonesa - Zaragoza

Xaneiro de 2016

S.C.C. 2016